

LUMES. Solicitamos que se cubran os custos dos lumes do verán na Galiza ▶ 17

XORNADAS. Incorporación das mulleres aos dereitos do sector agrario ▶ 27 e 28



AXUDAS VACÚN DE CARNE. O Tribunal Supremo confirma que a CMR discriminou á maioría das granxas de vacún de carne nas axudas COVID-19 ▶ contraportada



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano II - Nº 340 - Setembro-Outubro 2022

POLO FUTURO DO VACÚN DE CARNE, POLO FUTURO DAS NOSAS COMARCAS



SECTOR VEXETAL

A alza de custos e a seca dificultaron a produción de flor e plantacións de verán, comprometendo os froitos deste outono-inverno ▶ 7

MONTE VECIÑAL

Acudimos á manifestación convocada pola Organización Galega de Comunidades de Montes o 15 de outubro ▶ 15

A campaña organizada polo Sindicato Labrego Galego “Polo Futuro do Sector Vacún de Carne. Na defensa das nosas comarcas” iniciouse o pasado 31 de agosto en Xinzo de Limia e continuou durante o mes de setembro en Vilalba e en Betanzos, acompañada da entrega ás formacións políticas presentes no Concello dunha batería de medidas a activar de xeito inmediato. O obxectivo destas mobilizacións é demandar solucións institucionais ás graves problemáticas que afrontan na actualidade as granxas de vacún de carne na Galiza. Proximamente proseguirá a desenvolverse nas comarcas galegas. ▶ 3 e 4



As cidades e o rural xuntas contra o capital

OSLG participou na mobilización nacional contra a depredación enerxética que tivo lugar o pasado 25 de setembro na Coruña. Esta convocatoria tiña entre os seus obxectivos dinamizar a incorporación das áreas urbanas galegas á loita contra a invasión eólica, sumando forzas ás accións de defensa da nosa terra que ao longo destes dous últimos anos vén desenvolvendo a poboación das áreas rurais. A imaxe é de Coche Lobo fotografía. ▶ 10 e 11



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

A urxencia de defender as persoas labregas e a terra agraria

Cando este Fouce chegue ás vosas mans haberá por primeira vez no planeta 8.000 millóns de persoas, 2.000 millóns máis ca hai 20 anos e 6.000 millóns de persoas máis ca hai 100 anos. Neste mesmo momento estase tamén a celebrar o Cumio Mundial sobre Cambio Climático en Exipto, onde se está a alertar sobre o incremento de gases de efecto invernadoiro e un quecemento de planeta no que episodios meteorolóxicos adversos como as secas, furacáns ou inundacións van ser máis frecuentes no futuro, o que pon en perigo a millóns de persoas e mesmo a viabilidade de moitos cultivos. A FAO está a alertar dun incremento da fame no mundo que podería chegar ao 40 por cento da poboación mundial.

Neste contexto no que a dispoñibilidade de petróleo e outros materiais, como moitos minerais de amplo uso, vai ser menor no futuro tanto en cantidade como por prezo **a produción de alimentos debe ser considerada estratéxica e a protección da terra agraria ten que ter prioridade sobre calquera outro uso.** A idea que nos levan tratando de meter na cabeza os gobernos e numerosos supostos expertos durante anos de que non importa que desaparezan granxas galegas e que os alimentos xa virán de calquera outra parte do mundo é claramente unha gran mentira e unha irresponsabilidade.

Nos últimos meses seguimos vendo como os gobernos desprezan as granxas pequenas e medianas que temos maioritariamente en Galiza. Así na nova PAC os pagos fanos novamente por superficie e non tendo en conta as persoas en activo, e novamente podemos ter a un 20 por cento dos perceptores cobrando o 80% axudas,

mesmo que non produzan nada, só con ter a terra no que lle chaman “boas condicións agronómicas”.

Ás verdadeiras e verdadeiros agricultores aburriránnos, iso si, con novas esixencias de papeis, máis requisitos sen sentido e a tramitacións diarias por ordenador. Para o próximo ano pretenden implantar cadernos dixitais para anotar todo tipo de datos e nin á Xunta nin ao Ministerio parece importarllles se temos os recursos, o tempo e os coñecementos para poder facelo. Cada vez hai menos granxas, pero ás que hai tampouco se lles axuda. Nas subvencións pola crise do Covid, o goberno galego deixou fóra de xeito discriminatorio a maioría das granxas de carne galegas e no SLG para que cobren tivemos que acudir aos tribunais, que nos deron finalmente a razón.

Nas axudas polas subas de custos de produción Ministerio e Xunta están de acordo en deixar fóra os cebos que se fan nas granxas tradicionais, pagando isos si os cebos que se crían nos cebadoiros. Por outra parte e aínda que noutras comunidades xa hai meses que aprobaron axudas, a Xunta segue sen sacar nada para as granxas de carne, a excepción duns préstamos a cargo dunhas supostas liñas que din que abrirán no 2023. Xa veremos, porque tamén anunciaron xa as axudas a finais do 2021, no 2022, e seguimos agardando.

Para quen si andan lixeiros xestionando grandes axudas con diñeiro público é para as empresas eléctricas que pretenden instalar grandes plantas de tratamento de xurros, como a prevista para Meirama. Con centos de millóns de euros dos Fondos Next Generation, as eléctricas pretenden inzar o territorio galego de plantas solares,

polígonos industriais eólicos, eólicos mariños, plantas de hidróxeno e as que van usar purín. A chegada de grandes proxectos eólicos, de paneis solares, liñas de alta tensión, almacenamentos de baterías... está a supor unha gran ocupación de terra, e nalgúns casos a ameaza directa de quitarlles as terras aos poucos agricultores e agricultoras que quedan, e diminuír aínda máis a pouca terra agraria que temos. Nas comarcas quedan os impactos pero as ganancias maioritariamente van para fóra.

Con respecto aos prezos, o SLG foi a única organización profesional agraria que non asinou o engano do suposto acordo de subas de prezo en Ternera Galega, e seguimos mantendo que os prezos deben cubrir os custos de produción e salarios dignos, para o que precisamos mecanismos válidos e eficientes para facer valer isto. Tristemente e pese a todos os enganados seguimos sen ter ferramentas para defendernos diante dos prezos abusivos nos distintos sectores (leite, carne, horta, viño...). Nos despachos dos políticos e nas mesas de negociación seguen a estar sentados moitos representantes que desprezan as granxas de tipo familiar que son maioritarias en Galiza, pensando só no negocio deles ou de catro empresas amigas, polo que segue a ser fundamental que nos impliquemos para facer máis forte á única organización combativa que ao longo do tempo sempre estivo e está ao lado da xente labrega, apoiando a produción ecolóxica e modelos sostibles de produción, un territorio cheo de vida, unha alimentación saudable para o conxunto da sociedade e un rural no que moitas persoas poidamos vivir dignamente producindo os alimentos que a sociedade precisa: o Sindicato Labrego Galego.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN

Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

CONSELLO EDITORIAL:

Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Vera Cruz Montoto Vázquez
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN

Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, María Ferreiro, Brais Álvarez, Manuel Casal Lodeiro, Coche Lobo fotografía

ENDEREZO

Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

PECHE DE EDICIÓN 23-11-2022

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147

COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532

MELIDE Contactar co ☎ 686 936 429

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Local da CIG. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 679 192 000

AS NOGAIS Casa do Concello (martes) ☎ 679 192 000

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508

O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos (luns) ☎ 669 215 346

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

CARNE ▶ A campaña “Polo Futuro do Sector Vacún de Carne. Na defensa das nosas comarcas” iniciouse o 31 de agosto en Xinzo de Limia e proseguíu en Vilalba e en Betanzos

Campaña do Sindicato Labrego Galego en defensa do sector vacún de carne

Reivindicamos prezos xustos, diferenciación do produto, mesa sectorial, matadoiros comarcais, SAU e apoios económicos

A campaña do Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas “Polo Futuro do Sector Vacún de Carne. Na defensa das nosas comarcas”, deu inicio o pasado 31 de agosto cunha concentración reivindicativa na Praza Carlos Casares (Xinzo de Limia), e continuou o 15 de setembro en Vilalba e o 20 de setembro en Betanzos, acompañada da entrega ás formacións políticas presentes no Concello dunha batería de medidas a activar de xeito inmediato para abordar a crise na que a alza de custos de produción, os baixos prezos ás produtoras e produtores de xeito destacado e a falta de asunción de responsabilidades por parte das distintas administracións, teñen sumida ás granxas de vacún de carne do noso país.

A campaña ten como obxectivo demandar solucións institucionais ás problemáticas que afrontan na actualidade as granxas de carne na Galiza. Proximamente desenvolverase en varias comarcas galegas.

Os motivos da campaña

Dende hai anos o sector vacún de carne é vítima dun absoluto desleixo por parte das administracións públicas que está a empurrar ao peche ás pequenas e ás medianas granxas galegas.

“Estamos vendo como continuamente están a aumentar os



Intervención do responsábel do sector vacún de carne no Sindicato Labrego Galego, Samuel Formoso, durante o inicio da campaña “Polo futuro do sector vacún de carne. Polo futuro das nosas comarcas”, iniciada o día 31 de agosto en Xinzo de Limia.

nosos custos de produción; como non existen mecanismos reais que eviten que nos merquen o noso produto vaia a perdas e garantan un verdadeiro poder de negociación; como nos recortan nas axudas da PAC que percibimos para ir parar a mans de explotacións intensivas dun modelo desligado totalmente da terra e dunha produción de ali

mentos saudábel, ou como os nosos tenreiros, criados nun modelo sostíbel, con benestar animal e dun xeito tradicional, non están a ter ningunha diferenciación no mercado respecto dos produtos do modelo agroindustrial”, exemplifica o responsábel do sector vacún de carne no Sindicato Labrego, Samuel Formoso.

As integrantes do SLG presentaron publicamente a batería de medidas fundamentais que cómpre activar xa para salvar ao sector facendo fincapé en que “estamos fartas da Consellería de Medio Rural e do seu fume, que falen coa verdade por diante”, sinalou Brais Álvarez, coordinador do sector vacún de carne no SLG-CCLL.



Concentración fronte ao Concello de Betanzos logo de facer entrega ás distintas formacións políticas da batería de medidas que demandamos activar de xeito inmediato para paliar a suba de custos e os baixos prezos no sector vacún de carne.



O responsábel do sector vacún de carne no SLG-CCLL, o gandeiro de Vilar de Barrio, Samuel Formoso, canda a gandeira e integrante da Directiva Nacional do SLG-CCLL, Sonia Vidal, fixeron entrega das reivindicacións no Concello de Xinzo de Limia. Na imaxe da dereita, no Concello de Vilalba, no momento da entrega das medidas urxentes.

"A verdade é que a día de hoxe non publicaron ningunha axuda directa ao sector como prometeran, só fixeron unha modificación na orde que permite adiantar os cartos da PAC vía bancaria, prometendo uns

adiantos vía bancaria dunha axuda que nin tan sequera sabemos cando se vai a publicar", proseguíu Brais Álvarez.

Nese sentido, dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, cualificamos esta ac-

tuación de negligente.

"É negligente que a propia administración invite ás granxas a endebedarse coa solicitude de créditos coa promesa de que a Xunta de Galicia vai correr cos gastos de interese dos presta-

mos. É negligente que a Xunta de Galicia xogue así cos cartos de todas as cidadás xerando leis para ter un trato de favor cos bancos e seguir a empobrecer as granxas galegas", apuntou o coordinador do sector cacún.

Unha batería de 8 medidas que cómpre activar

1. Rectificación por parte do Ministerio de Agricultura para incluír de xeito inmediato na orde de axudas por mor da crise de Ucraína o pago por xato cebado nas granxas tradicionais, e compromiso por parte da Xunta de Galicia de incluír este pago na axuda complementaria á anterior. Así mesmo, esiximos á Xunta de Galicia que deixe de xogar cos nosos cartos lucrando indirectamente ás entidades bancarias, e que en lugar de autorizar o anticipo desta nova axuda vía bancaria, dun xeito pouco ou nada transparente, que a convoque de xeito urxente permitindo o cobro polos becerros tamén das granxas de vacún que fan cebo tradicional.

2. Creación de métodos sinxelos e accesíbeis para o cálculo dos custos de produción das granxas, e que estes cálculos se trasladen de xeito inmediato ao prezo que percibimos polo noso produto, garantindo lexislativamente que non se poida mercar por debaixo dos custos de produción. Así mesmo, esiximos á Xunta de Galicia que faga cumprir a Lei da Cadea Alimentaria e tome dende xa como referencia o prezo dos custos de produción calculados no seu propio estudo o pasado mes de Xuño (6,30€), e que a ningunha granxa se lle poida mercar por debaixo deste prezo.

3. Creación dos mecanismos necesarios para unha diferenciación clara do noso produto fronte a alimentos criados dentro dun modelo intensivo, e que esta sexa perceptible dun xeito claro para as persoas consumidoras.

4. Convocatoria urxente dunha mesa sectorial por parte da Xunta de Galicia, composta polas persoas produtoras, a industria, a distribución e outros axentes do sector con poder de toma de decisión e que permita levar a cabo as medidas anteriormente mencionadas.

5. Protección inmediata do noso modo de vida e produción, lexislando por parte das administracións públicas para unha verdadeira protección da Superficie Agraria Útil (SAU), permitindo o acceso á terra agraria e protexendo a existente, asumindo a necesidade de aumentala ata polo menos un terzo do noso territorio.

6. Cobertura ao 100% dos danos que provoca a fauna silvestre, asumindo a responsabilidade civil subsidiaria e o lucro cesante por parte da administración pública. Instamos á Xunta de Galicia a cumprir con estes puntos, como recolle o novo protocolo para a xestión do lobo que vén de ser aprobado polo Goberno central.

7. Impulso e creación dunha normativa hixiénico-sanitaria que permita dun xeito sinxelo acceder ás granxas a realizar venda directa, e creación dunha rede de matadoiros comarcais como único xeito de dotar de valor engadido as granxas.

8. Dotación de fondos económicos e de medios para facer fronte a episodios de seca como a que se está a vivir e, en todo caso, financiar a adecuación a esta nova realidade das granxas galegas.

ALEGACIÓNS ▶ Rolda de prensa conxunta do Sindicato Labrego e OVICA para denunciar erros e discriminacións do Ministerio no sector vacún, ovino e cabrún

Campaña de alegacións para incorporar as granxas familiares inxustamente excluídas do RD428/2022

A meirande parte das granxas afectadas son pequenas e medianas, excluílas é un xeito de empeorar o abandono rural

O Coordinador do Sector Vacún de Carne do Sindicato Labrego Galego Brais Álvarez e o presidente da Asociación de Produtores de Ovino e Caprino (OVICA) Luis Rivera Otero denunciaron na mañá do 9 de agosto en Lugo os erros e discriminacións detectados no RD428/2022 do 7 de xuño, polo que se estableceron as bases reguladoras para a concesión directa dunha axuda excepcional de adaptación para compensar as dificultades económicas derivadas do conflito bélico na Ucraína en determinados sectores agrarios.

Álvarez encetou a súa intervención salientando o compoñente discriminatorio implícito na exclusión das granxas que fan ceba tradicional do dereito de cobrar esta axuda, “unha mostra máis de que o Ministerio de Agricultura non ten en conta a realidade das granxas de vacún no norte peninsular, e en especial as galegas”, apuntou.

O artigo 3 do RD 428/2022

“Dentro da IXP Ternera Galega temos arredor de 8.000 granxas que ceban os seus xatos, e que por unha interpretación totalmente errónea por parte do Ministerio quedan fóra desta axuda. Esiximos ao Ministerio de Agricultura que de xeito inmediato corrixa o artigo 3 do RD 428/2022, e inclúa como beneficiarios da axuda por vacún



O coordinador do sector vacún de carne do Sindicato Labrego Galego, Brais Álvarez, e o presidente da Asociación de Produtores de Ovino e Caprino (OVICA) Luis Rivera Otero, en rolda de prensa o pasado 9 de agosto en Lugo.

de cebo os tenreiros nados na propia granxa como se recolle nos puntos a) e b) do artigo 63 da lexislación da PAC, eliminados durante a redacción do RD428/2022”. Se se aplicara correctamente o RD 428/2022, no caso do vacún de carne o 48% das granxas beneficiarias (4.732) serían as que dispoñen de menos de 10 vacas nutrices. Ante este novo desvío de cartos públicos cara a agroindustria en detrimento das pequenas e medianas granxas, “SLG fai un cha-

mado á presentación masiva de alegacións ao Ministerio a través do Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) solicitando que se determinen as unidades de pago de vacún de cebo para que se proceda o seu pagamento, tal e como se establece no RD 428/2022 que regula a normativa destas axudas”, anunciou Brais Álvarez.

Ademais, abundou o representante do SLG-CCLL, é fonda-mente preocupante o presunto descoñecemento do sector que

semella ter o Ministerio, que considera o cebo de tenreiros neste tipo de granxas como unha actividade complementaria á da vaca nodriza.

“Nada máis lonxe da realidade, o cebo que fan as granxas tradicionais é a súa fonte principal de ingresos dende fai xeracións e séguese a ser. Invitamos ao Ministro e á súa equipa a que deixen por un día o seu despacho de Madrid e se acheguen a coñecer a realidade e non lexisten de oídas”, instou Álvarez.

A CMR non elaborou as listaxes seguindo o criterio marcado polo RD

Este desleixo a nivel estatal vese empeorado aínda máis por mor da mediocre dirección da Consellaría do Medio Rural da Xunta, que non só aínda non convocou as axudas que prometeu para estes sectores en crise, senón que está a publicar listaxes de persoas beneficiarias nas cales se detectan continuos erros, moi vistosos en cuestións como as persoas novas solicitantes PAC ou relevos xeracionais. “No caso do RD428/2022 outra vez temos este problema. Desta volta a CMR non elaborou as listaxes seguindo o criterio marcado polo RD, é dicir, 125 vacas nodrizas incluída a porcentaxe de novillas previsto no RD1075/2014; nin aplicaron a posibilidade de fixar un mínimo subvencionábel en especial para o ovino, e que deixa fóra a moitas granxas mixtas do país”. Neste senso, o presidente de OVICA, Luis Rivera, recalcou que moitas das

súas produtoras e produtores teñen granxas de carácter cárnico mixto -vacún, ovino, cabrún, cabalar, porcino...-, “polo que entendemos que a aplicación de normas estatais debería ser acorde a esta realidade galega”. Ademais, destacou a utilización combinada destas especies como un valor engadido no mantemento das superficies agrarias, nomeadamente nas zonas de montaña, polo que as granxas cárnicas mixtas “deberían ser un dos eixos a potenciar pola Administración galega, máis nestes días de intensos lumes en toda a nosa comunidade”. Tanto Rivera como Álvarez coincidiron tamén en criticar que se denomine “axuda” ao que a efectos prácticos é unha limosna, xa que o certo é que 2.574 granxas -as de até 5 vacas nutrices- van percibir como máximo 300€, e outras 2.158 -até 10 nutrices- un máximo de 600€.

AXUDAS ▶ Milleiras de labregas e labregos da Galiza ficarán sen un apoio económico contemplado na Política Agraria Común (PAC) que viñan percibindo até o de agora

A Xunta de Galicia quítalles a 8.255 granxas as axudas por zona desfavorecida


As axudas que pretende eliminar a CMR teñen como obxectivo precisamente evitar o abandono de terras agrarias

A Consellería de Medio Rural (CMR) decidiu que no próximo período da PAC (2023-2027) non vai pagar a axuda para Zonas con Limitacións Naturais (ZLN) en todos os concellos de Galiza clasificados como “distintos aos de montaña” [consultar o mapa da dereita para ver as zonas excluídas], que si a viñan percibindo até o de agora.

É a primeira vez, despois de moitos anos, que nos atopamos cunha exclusión intencionada, por parte do conselleiro José González Vázquez, dunha axuda que leva anos chegando ás granxas.

Resulta canto menos desagradablemente sorprendente que a Consellaría do Medio Rural, nun dos momentos mais críticos para os sectores agrario e gandeiro por mor da suba de custos de produción -que afecta a moitos factores esenciais para a produción agrogandeira, como a electricidade, o gasóleo, os fertilizantes ou os cereais-, decida impedir que milleiros de granxas galegas podan acceder a unha axuda á que teñen dereito dentro da Política Agraria Común (PAC).

De feito, fronte a esta exponencial suba hai administracións que xa procuraron apoiar unha cuestión tan esencial como é a produción de alimentos con programas de axuda ás granxas e producións primarias. Pola contra, a Xunta de Galicia non só non saca novas liñas de axuda -como acontece por



Mapa extraído do documento “Zonas de montaña e zonas con limitacións específicas (Orde PAC 2022)”, do FOGGA.

exemplo co sector da carne-senón que ademais atopámonos coa preocupante sorpresa de que lle quita axudas a milleiros de granxas que as viñan percibindo até o de agora.

Unha axuda imprescindible para o mantemento da actividade gandeira

No ano 2020, esta axuda para zonas distintas de montaña foi concedida a 8.255 persoas solicitantes, por un importe de 8 millóns de euros. Neste mesmo ano 2020, as axudas para as zonas de montaña foron de case 9 millóns de euros, para 5.266 persoas.

Xa no período de consultas sobre a PAC, dende o Sindicato

Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) trasladamos á Consellaría do Medio Rural que, dado o seu destacado aporte na preservación da actividade gandeira en zonas con limitacións físicas, resultaba prioritario o mantemento das axudas a zonas con limitacións naturais e zonas con outras limitacións.

A función deste orzamento é distinto ao resto das axudas da Política Agraria Común (PAC), xa que teñen como obxectivo principal evitar o abandono de terras en determinadas zonas, supoñendo un instrumento específico de mantemento da actividade agraria e gandeira.

De xeito concreto, esta restrición nas axudas públicas perci-

bidas polas labregas e polos labregos implicará que, por exemplo, no ano 2023 no concello de Lalín 337 persoas non van percibir esta axuda (330.773 euros, segundo datos do 2021). No caso de Mazaricos, no ano 2023, 210 perceptores non van recibir esta axuda (224.326 euros, segundo datos do 2021).

Dende o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas esiximos á Consellaría do Medio Rural (CMR) que corrixa inmediatamente esta medida, e non perverta o verdadeiro obxectivo destes orzamentos públicos, respectando unha función tan esencial como é axudar a garantir a produción agroalimentaria, e fixar poboación, nas zonas con limitacións naturais.

SECTOR VEXETAL ▶ A alza de custos e a seca dificultaron a produción de flor e plantacións de verán, comprometendo os froitos deste outono-inverno

Solicitamos xuntanza coa CMR ante a seca e a suba de custos nos sectores vexetais

Denunciamos a negligencia da Xunta de Galicia ao non planificar prioridades no uso da auga para producir alimentos

O responsábel de sectores vexetais no Sindicato Labrego Galego, Santiago Rodríguez Cid, solicitou o pasado 12 de agosto unha entrevista co Conselleiro do Medio Rural, José González Vázquez, para demandar medidas concretas coas que paliar as perdas no sector vexetal galego derivadas da seca e do incremento de custos de produción. Ao non recibir resposta por parte da Consellaría, o 15 de setembro o Sindicato Labrego volveu solicitar de maneira urxente dita xuntanza co conselleiro do Medio Rural, José González Vázquez. Seguimos sen contestación á nosa solicitude.

"É claramente unha omisión do seu labor", sinala Rodríguez Cid, "o seu labor é ter un medio rural vivo e o conselleiro mostra cero interese polo noso sector, que está pasando unha crise moi grande, un sector ao que non se lle axudou o máis mínimo. É grave que se ignore desta maneira a nosa mensaxe de socorro", apuntou.

Por outra banda, "é aínda máis despropósito o seu abandono cando seguen subindo os prezos dos alimentos para as familias e na CMR ignoran por completo un sector tan importante na alimentación como é o vexetal, e máis en concreto a horta, nun país como este que debería ser riquísimo en horta". En relación a iso, denunciamos que na Galiza "están entrando a diario alimentos de fóra e o con-



A seca deste verán causou estragos na produción vexetal, dificultade que se engadiu á suba de custos de produción e ás dificultades para obter prezos que remuneren custos e traballo. Na imaxe, plantacións no concello de Cartelle, en Vilar da Ponte.



selleiro segue sen ter en conta o sector vexetal e a horta do país", explica Rodríguez Cid. Por todo isto, denunciamos a negligencia da Xunta de Galicia e solicitamos, de novo, xuntanza urxente co conselleiro José González Vázquez.

As medidas precisas

Ao igual que noutros sectores, os custos de produción nas fincas labregas para a alimentación humana experimentaron unha desproporcionada suba no relativo aos insumos e materiais precisos para producir, transportar ou repartir as colleitas, xa sexa entregar cestas, ir a mercados, tendas etc. Canda este ascenso de custos, outro

factor importante é a baixa ou a perda de produción, por mor da calor constante e duradeira, constatando nas prospeccións realizadas até o de agora que existen minguas importantes nas colleitas e perda comercial por deformidades ocasionadas por estrés hídrico.

Entre as medidas concretas a solicitar, Santiago Rodríguez urxe a activar o investimento en captacións necesarias nos lugares e as pequenas infraestruturas para garantir o consumo mínimo necesario. Asemade cómpre a activación dun pago directo de máis da metade do salario mínimo interprofesional (SMI) anual para o número de agricultores/as a título princi-

pal (ATP) que paguen a Seguridade Social en cada granxa, sumando o importe do custo da seguridade social de 6 meses. Para as titulares (ATP) de patata e similares que superen determinado número de hectáreas habería que permitir complementar até acadar as cantidades solicitadas por activo, limitado a catro persoas.

"É unha obriga institucional facilitar a investigación nas actuais circunstancias climáticas, para apoiar o saber labrego e agroecolóxico, viabilizar mellor as producións de secano e facer o máis sostíbel posíbel o rego", lembrou o responsábel de sectores vexetais do Sindicato Labrego Galego.

CONGRESO DO VIÑO ▶ O 11 de agosto celebrouse o Congreso do Sector do Viño en Ribadavia, onde se citaron a produtoras e produtores de toda Galiza

Alerta polo acaparamento de viñedos de DO's e IXP's por grandes empresas de fóra da Galiza

O enoturismo e a convivencia da Xunta cos intereses de empresas encareceu o prezo das terras

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) celebrou o pasado 11 de agosto o Congreso do Viño en Ribadavia, un territorio historicamente vinculado á viticultura, onde a principios do século XX chegaron a adicarse a esta actividade produtiva arredor de 30.000 familias. O encontro contou coa participación da Secretaria Xeral do SLG-CCLL, a gandeira luguesa Isabel Vilalba Seivane. Aproximadamente 10.000 hectáreas do noso territorio están adicadas á produción de viño, colleitando arredor de 73,5 millóns de kg de uva.

Na actualidade están rexistradas unhas 450 adegas e case 12.400 persoas son viticultoras e colleiteiras no noso país, achegando un valor económico superior a los 230 millóns de euros anuais. Con todo, a Xunta de Galicia está a promover o acaparamento de terras e viñedos por parte de grandes adegas, maiormente capitais de fóra da Galiza, abocándonos a modelos intensivos moito máis contaminantes, que poñen en claro risco o acceso á auga.

D.O. e IXP's galegas

A primeira parte do Congreso centrouse na exposición e análise da situación nas distintas Denominacións de Orixe (D.O.) e Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP's) galegas. Malia presentar diferencias na situación do sector produtor



Afiliadas e afiliados do Sindicato Labrego Galego achegáronse a Ribadavia para participar no Congreso do Viño, o 11 de agosto.

nas distintas DO's e IXP's, ademais das dificultades nalgúns DO's para acadar prezos que cubran custos de produción e remuneren o traballo, o panorama global das dinámicas de produción de uva no noso país presenta como elemento común o abandono vinculado ao envellecemento da man de obra e as dificultades para acceder á terra, tanto para a vide como para as infraestruturas precisas para a súa transformación.

O turismo rural e o enoturismo, ou o fomento por parte a Xunta de Galicia da conversión de terras agrícola en forestais, son algunhas das principais trabas que traen aparelados unha suba nos prezos das terras, inasumibéis en moitas ocasións

pola poboación da contorna, polo que o territorio está a ser mercado por capitais de fóra do noso país, ou ben por grandes

estruturas empresariais de orixe galego que desprazan ás pequenas e medianas produtoras.

O caso do grupo español Vega Sicilia

A especulación nas terras adicadas á produción do viño está a provocar que as produtoras e produtores galegos non podan adquirir as terras que se localizan na súa contorna, polo que importantes partes do noso territorio están a ser acaparadas por intereses foráneos. Este é o caso do grupo español Vega Sicilia, que adquiriu 24 hectáreas no Condado de Tea -na parte alta do río Miño, no Salnés, na contorna de Sanxenxo, Cambados e O Grove- e en Crecente, onde se situará a súa adega. Segundo datos da propia Vega Sicilia, están a pagar a 200.000€ a hectárea con viñado nas Rías Baixas, fronte aos 70.000€/ha. de Ribera del Duero ou os 90.000€/ha. de La Rioja.

Tamén o propietario dunha das principais cadeas hoteleiras de Canarias, Lorenzo López, adquiriu recentemente arredor de 400 hectáreas de viñado en distintas parroquias amparadas pola denominación de orixe Ribeira Sacra.



Xosé Manuel Parente, da Executiva Nacional do Sindicato Labrego e coordinador comarcal da zona do Ribeiro, canda Rosario Domínguez Iglesias, coordinadora do local do SLG no Baixo Minho, dirixiron o Congreso do Viño celebrado o 11 de agosto en Ribadavia, que contou tamén coa participación da Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba.



Acaparamento das terras agrícolas fomentado pola Xunta de Galicia

A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba contextualizou a situación no sector do viño na tendencia xeral ao acaparamento de terras agrícolas fomentado pola Xunta de Galicia nesta última década: “A propia lei de recuperación de terras agrarias do ano 2021, que non nos confunda, non se están referindo a recuperar terras agrícolas, senón que dentro de terras agrarias tamén contemplan a produción forestal. Tamén o borrador do Plan Sectorial de Actividades Extractivas de Galiza coa que o Partido Popular puxo no punto de mira Galiza ao ditaminar que o 60% da nosa terra está disposta para a explotación mineira, ou o claro exemplo da invasión eólica. Tanto o monocultivo do eucalipto, o espolio mineral como a imposición das xigantescas infraestruturas asociadas aos polígonos industriais eólicos impactan directamente contra a nosa capacidade para producir alimentos e no acceso ás fontes de auga para a poboación. Precisamos defender a terra agrícola, e que aí quen se poda instalar sexan as veciñas e veciños, e non grandes empresas ou capitais foráneos que non viven onde producen, que non teñen preocupación algunha polo coidado e calidade de vida dos territorios onde instalan os seus negocios.”

INVASIÓN EÓLICA ▶ O pobo galego unido contra a depredación enerxética o pasado domingo 25 de setembro nunha mobilización nacional en A Coruña

As cidades e o rural, xuntas contra o capital

Esiximos ás formacións políticas e institucionais accións para avanzar cara a un cambio radical do modelo enerxético

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas, (SLG-CCLL) canda case un cento e organizacións sociais de todo Galiza, apoiamos e participamos nesta convocatoria que tiña entre os seus obxectivos dinamizar a incorporación das áreas urbanas galegas á loita contra a invasión eólica, sumando forzas ás accións de defensa da nosa terra que ao longo destes dous últimos anos vén desenvolvendo a poboación das áreas rurais.

No noso país, menos de dez empresas -Green Capital Power, Naturgy, Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Enel Green Power e Greenalia, que conta ca anterior conselleira de Medio Ambiente da Xunta de Galicia do Partido Popular (PPdG), Beatriz Mato, como conselleira executiva-, acaparan a inmensa maioría de polígonos industriais en tramitación. Estas corporacións teñen a complicidade de forma-

cións políticas para acapalar fondos públicos europeos Next Generation, enriquecéndose, ao tempo que impiden que este orzamento público sexa investido no deseño de comunidades enerxéticas equilibradas, ao servizo das necesidades da poboación e non a expensas dos

intereses especulativos do abusivo mercado enerxético.

Para pór fin tanto á malversación de fondos públicos como á aprobación de normativas que fomentan a depredación e o colonialismo, así como para transitar cara a un modelo de produción de enerxía ao servizo

da Vida e non do capital, é precisa, entre outras estratexias, a presión social directa sobre as persoas que elaboran e votan as leis, facendo fronte á influencia do *lobby* das industrias renovábeis nas actuais políticas de desenvolvemento a escala galega, estatal e europea.



Unha mostra do cartaz deseñado por Liorta Rural, co fin de difundir a manifestación do domingo 25 de setembro, pousado nunha árbore da cidade da Coruña, dirección á praza de María Pita. A autoría da imaxe pertence a Coche Lobo fotografía.



Margarida Prieto (de negro), do SLG de Vilalba, canda afiliadas como Eva Rodríguez de Cesuras (con mandil), manifestándose na Coruña. Imaxe de Coche Lobo fotografía.



Andrés Castro, Antonio Villarino Rego, María Ferreiro, Verónica Vázquez-Penas Suárez e Pepe Ramón Cendán, do Sindicato Labrego Galego, presentes na manifestación.

A legalización do depredamento

A avalancha de solicitudes de polígonos industriais enerxéticos que vimos padecendo dende o ano 2020 foi provocada polas manipulacións lexislativas operadas durante anos dende a Xunta de Galicia polo Partido Popular e, nestes últimos meses, dende o Goberno do Estado polo Partido Socialista e Unidas Podemos. A mesma dirección está a seguir a Unión Europea (UE). O Informe da Comisión Técnica Temporal Sobre Enerxía Eólica e Paisaxes Culturais en Galicia elaborado polo Consello da Cultura Galega (CCG, 2021) contextualiza esta situación nunha terceira fase de desenvolvemento eólico, caracterizada pola consolidación da liberalización da enerxía eólica na Galiza.

Esta fase desátase por mor da aprobación da primeira das “leis de depredación” da Xunta de Galicia do goberno Feijoo: a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, a través da cal esfúmanse os criterios sociais e económicos como determinantes para a decisión de a quen asignar nova potencia, e deséñase un mecanismo liberalizador que garante o inicio do procedemento administrativo de admisión e autorización sen necesidade de ofrecer ningunha contrapartida socioeconómica á sociedade galega. Nesta mesma altura, a través dunha modificación realizada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, o PpdG inventa a declaración de “iniciativas empresariais prioritarias”, reducindo á metade os prazos

establecidos para o procedemento ordinario deste tipo de polígonos industriais eólicos, que pasan a estar en exposición pública unicamente 15 días, tanto para autorización previa como para avaliación ambiental.

A redución de tempos de exposición dos proxectos de 30 a 15 días -irregular dende o propio momento da súa aprobación habida conta de que contradecía o estipulado na Directiva Europea de Medioambiente-, conta xa con sentenzas xudiciais que consolidan a súa ilegalidade –a Xunta de Galicia tamén foi recentemente apercibida dende os tribunais por externalizar avaliacións de impacto a empresas privadas-.

Ámbalas dúas modificacións lexislativas, aprobadas ca maioría absoluta do PpdG, provocaron un aumento das solicitudes de polígonos no ano 2019, acadando unha desproporcionada voráxine ca Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que fronte á obriga de “implantar os parques eólicos dentro das áreas incluídas no Plan sectorial eólico de Galicia”, establece que todas as terras rústicas sobre as que non exista figura de protección ambiental poderán albergar parques eólicos, incentivando que os promotores busquen posicións para asentar novas infraestruturas eólicas.

Esta lexislación feita á medida do lucro do *lobby* enerxético acadou dimensión estatal en marzo do presente ano, cando empregando como desculpa a guerra na Ucraína o Goberno de España incluíu nos Artigos 6 e 7

do Real Decreto-ley/2022, de 29 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes en el marco del Plan Nacional de respuesta a las consecuencias económicas y sociales de la guerra en Ucrania a simplificación extrema das avaliacións de impacto ambiental, procurando eliminar a posibilidade de que a cidadanía presente alegacións aos informes de impacto medioambiental e reducindo á metade os prazos para poder presentar alegacións aos proxectos no seu conxunto, até o dagora o único xeito de defendérmonos da invasión eólica.

Na mesma liña de acelerar a implementación de polígonos industriais de produción de enerxía renovábel á costa dos dereitos de participación pública van tamén as recentes políticas europeas. O pasado 18 de maio a Comisión Europea publicou a RECOMENDACIÓN (UE) 2022/822, sobre o aceleramento dos procedementos de concesión de permisos para os proxectos de enerxías renovábeis e a facilitación dos contratos de compra de electricidade.

No texto, malia a recoñecer a falta de aceptación pública destas fábricas de enerxía como un dos principais obstáculos para a súa implementación a nivel europeo, e mesmo admitindo que os procedementos de concesión de permisos contribúen a garantir a seguridade e a protección dos proxectos, urxe aos Estados membro a traspoñer as lexislacións que agravan inda máis esta preocupación social, colmando de facilidades ás corporacións do oligopolio enerxético.

EÓLICOS ▶ En agosto e setembro a loita contra a invasión eólica levou as reivindicacións na defensa da nosa terra tamén aos espazos festivos

Loita contra a invasión eólica tamén en verán

Concerto de Manu Chao na Terra Chá, II Festival Cultural de Pozomouro e II Romaría contra os macroeólicos en Monfero

Durante a xira que o cantante Manu Chao realizou na Galiza no mes de setembro, compañeiras e compañeiros do Sindicato Labrego Galego na Terra Chá -de onde é orixinario o pai do cantante, o finado intelectual Ramón Chao- e do colectivo Foi Polo Vento na cidade da Coruña conseguiron a

colaboración deste artista, que acorde ao seu compromiso musical cas loitas sociais visibilizou durante os concertos de Vilalba e A Coruña a oposición do pobo galego ao espolio da nosa biodiversidade, da nosa cultura, das nosas vidas na nosa terra.



O artista galego Miguel Rumbao, á percusión durante o concerto de Manu Chao na Coruña o 29 de agosto, portando unha camisola co deseño do cartaz da manifestación “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”, entregada pola rede de traballo rural-urbana Foi Polo Vento.



Na Terra Chá, as compañeiras do Sindicato Labrego Galego Margarida Prieto e Andrés Castro, visibilizaron no concerto celebrado en Vilalba o 3 de setembro a loita contra a empresa mineira Erimsa e a oposición aos macroparques eólicos. Na imaxe, Manu Chao coa bandeira do SLG.

II Romaría contra os macroeólicos en Monfero



A pancarta que estivo presente na II Romaría contra os macroeólicos en Monfero. Na outra imaxe, Margarita Prieto Ledo, do SLG, canda Doldán e Neri Díaz (presidenta de Ecoloxistas en Acción).

O 10 de agosto o Sindicato Labrego Galego participou na segunda edición da romaría reivindicativa contra os macro polígonos industriais eólicos celebrada pola Plataforma Veciñal Monfero di Non.

Neste espazo reivindicativo e festivo organizacións aliadas na loita contra a invasión eólica intercambiamos análises e experiencias, sumamos forzas e deseñamos novas liñas de traballo na defensa da nosa terra.



II Festival Cultural de Pozomouro (Muimenta)

As compañeiras do Sindicato Labrego Galego Margarida Prieto e Andrés Castro participaron tamén no II Festival Cultural de Pozomouro, celebrado o 3 de setembro na área recreativa Ribas do Miño en Muimenta (Lugo), desenvolvendo unha palestra sobre a invasión eólica canda Nery Díaz (Ecoloxistas en Acción) e o profesor da Universidade de Santiago de Compostela, Xoán Doldán. Durante a

xornada a música e as actividades de lecer do II Festival Cultural de Pozomouro contaron cun espazo de debate sobre os impactos dos macroproxectos enerxéticos, os intereses económicos e políticos que se atopan tras esta vaga intensiva de solicitudes, e as claves para articular unha oposición social que impida que o noso medio rural sexa reducido a converterse nun polígono industrial.



Á esquerda, Margarida Prieto Ledo e Andrés Castro, integrantes do Sindicato Labrego. Arriba, Ismael García, da Comisión das Minas, presentando o encontro.

SERVIZOS SOCIAIS ▶ No Centro Base de Valoracións de Lugo os retrasos para novas valoracións e revisións das presentadas superan os 12 meses

Instamos ao C.G. de Benestar a actuar fronte as demoras na tramitación dos servizos de dependencia e discapacidade



Margarida Prieto Ledo, vogal do Sindicato Labrego Galego no Consello Galego de Benestar Social

As persoas e familias afectadas afrontan prexuízos administrativos vinculados á non tramitación dos expedientes

Dende o Sindicato Labrego Galego dirixímonos no pasado mes de agosto ao Consello Galego de Benestar a través da nosa vogal neste órgano, Margarida Prieto Ledo, para alertar do enquistamento de importantes demoras nas citas para as valoracións de discapacidade no Centro Base de Valoración de Lugo, tendo sido detectada a ausencia de tramitación en solicitudes de cualificación de grao-novas e de revisión- presentadas dende o mes de agosto do 2021.

Esta situación está a crear importantes prexuízos ás familias e persoas con diversidade funcional, ás que á Administración está a demorar a posibilidade de acceder aos dereitos socialmente acadados para acompañar unha situación de discapacidade.

Ao mesmo tempo, engádense dificultades de carácter administrativo e de xestión cotiá, vinculadas a esta demora.

É o caso daquelas persoas que tiveron que facer a declaración de renda sen saber se teñen dereito ás deducións por grao de discapacidade e que, no caso de acadala, veríanse obrigadas a facer unha declaración da renda rectificativa ou complementaria, pospoñendo en

moitos meses a percepción da devolución correspondente, que tería que estar solicitada na declaración de IRPF que rematou o pasado 30 de xuño.

No caso das deducións por discapacidade de ascendentes a cargo con discapacidade ou cónxuxe podíase ter percibido mensualmente, polo que pode haber o caso de persoas que teñan sen cobrar como mínimo 1.100 euros.

Canda estas demoras de máis dun ano nas valoracións, a Administración da Xunta de Galicia tamén está a tardar máis de 12 meses en realizar as valoracións do grao de dependencia.

Esta situación ten como principal prexuízo para as persoas afectadas o feito de carecer dos

apoios asistenciais requeridos para poder desenvolver o seu día a día con dignidade:

“Nin que decir ten o que significa para os solicitantes e as súas familias o verse privados de servizos a apoio e atención a dependencia, servizos básicos e fundamentais para o coidado destas persoas”, apostilla Margarida Prieto Ledo na súa solicitude.

Dende o Sindicato Labrego Galego instamos ao Consello Galego de Benestar a dirixirse á Consellería de Política Social para que se solvente esta problemática, dotando dos medios humanos e técnicos precisos aos equipos para que sexa posíbel sacar adiante os expedientes con maior rapidez.

SERVIZOS TEMPO LIBRE ▶ Familias en situación de vulnerabilidade ou con persoas maiores, con discapacidade ou dependentes, concorren na quenda xeral

Solicitamos a priorización de tódalas familias “de especial consideración” na adxudicación de servizos de tempo libre

O SLG dirixiuse ao Consello Galego de Benestar Social para apelar á modificación da Orde nas vindeiras convocatorias

Margarida Prieto Ledo, vogal no Consello Galego de Benestar Social da Xunta de Galicia en representación do Sindicato Labrego Galego dirixiuse a mediados de agosto a este órgano para solicitar que todas as familias tipificadas como de especial consideración segundo o Artigo 9 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de Apoio á familia e á convivencia de Galicia, teñan prioridade nas distintas quendas da Orde establecida ao abeiro do disposto no mesmo, que regula o procedemento de adxudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas á Consellería de Política Social (código de procedemento BS419A).

A convocatoria de 2022

A convocatoria do presente ano 2022 limita a priorización no acceso a este servizo ás familias numerosas, monoparentais,



A Xunta de Galicia promoveu este verán as súas Residencia de Tempo Libre en Panxón-Nigrán (Pontevedra) e O Carballiño (Ourense), dependentes da Consellería de Política Social, nas que foi tremendamente complicado conseguir praza.

acolledoras e vítimas de violencia de xénero; excluindo polo tanto aquelas familias con persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas dependentes ao cargo, así como as familias en situación de especial vulnerabilidade económica.

O SLG-CCLL chama a atención na súa reclamación sobre a pertinencia de respectar o recoñecemento do trato preferente no acceso de todos estes colectivos aplicado a servizos proporcionados -entre outros- no ámbito do lecer, tempo libre e cultura, mediante bonificacións para o acceso aos servizos, recursos e programas, tal e como

recolle o Artigo 18 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

“Compartimos que se lle dea prioridade aos colectivos que se contempla na norma, é dicir, ás familias numerosas, monoparentais, acolledoras e vítimas de violencia de xénero; pero entendemos que o resto das familias consideradas de especial protección no Artigo 18 deben figurar tamén entre as que teñan prioridade, e que non deberían concorrer ás prazas coas familias xerais por orde de rexistro de solicitude. Trasladamos esta petición de cara a que se poida

contemplan esta modificación en futuras convocatorias”, explicou Margarida Prieto.

Na convocatoria deste ano, por exemplo, as familias das crianzas con diversidade funcional ou grao de dependencia recoñecido concorren por orde de rexistro, sen que a Administración teña en conta unha cuestión tan básica como que precisamente trátanse de unidades familiares que habitualmente teñen máis dificultades para realizar procesos administrativos, polo que dificilmente presentarán as súas solicitudes ca celeridade requirida para conseguir praza.

ESCOLAS UNITARIAS ▶ Case unha trintena de construcións realizadas en terreos e con materiais aportados pola veciñanza, en risco de privatización

O SLG insta ao concello da Fonsagrada a recoñecer a propiedade da veciñanza sobre 29 escolas unitarias

A inclusión de 29 escolas unitarias de A Fonsagrada no inventario de inmobles municipais a finais do ano 2021 leva meses suscitando polémica e preocupación entre a veciñanza. Durante os anos 90 a Consellería de Educación cedeu estes inmobles ao Concello da Fonsagrada, e en palabras do propio Concello “estas figuran como ben municipal no catastro”. Aliás, a finais do ano pasado presentouse unha alegación por parte de veciñanza onde se cuestionou esta titularidade, xa que como relata un dos autores destas alegacións “os meus avós donaron a pedra e o terreo para a obra da escola”, e lembra que o prego de condicións da cesión recollía que a veciñanza tiña de-

reito a recuperar o terreo e o inmovible, ao mesmo prezo que o fixera o Concello. Son numerosas as veciñas/os que teñen documentación neste sentido nas súas casas, e consideran en moitos casos que o Concello está a levar a cabo “unha expropiación dunha propiedade que non lle pertence, co único argumento de que non hai ningunha asociación á que poder vincular estas escolas”.

Así mesmo, a veciñanza critica ao Concello que case un ano despois da presentación de alegacións aínda non teña dado resposta ás persoas interesadas. A día de hoxe non se fixo ningún tipo de actuación nestas escolas.

MONTE VECIÑAL ▶ O proxecto de ILP ademais de parar o roubo dos montes veciñais, é unha lei ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega

O SLG na manifestación en defensa do monte veciñal

Acudimos á manifestación convocada pola Organización Galega de Comunidades de Montes o 15 de outubro

O pasado sábado 15 de outubro, integrantes do Sindicato Labrego Galego - Comisión Labregas (SSLL-CCLL) participamos na manifestación e apoiamos a convocatoria anunciada pola Organización Galega de Comunidades de Montes, co fin

de dar forza á Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) presentada no Parlamento de Galicia, unha proposta que procura acadar unha lei ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega, e que contempla oito eixos fundamentais.



Integrantes do Sindicato Labrego Galego presentes na manifestación convocada pola Organización Galega de Comunidades de Montes o pasado sábado 15 de outubro.



Eixos fundamentais da ILP presentada no Parlamento de Galicia

- ✓ O recoñecemento do monte veciñal como unha titularidade distinta e en pé de igualdade coas titularidades públicas e privadas.
- ✓ O reforzamento do carácter xermánico dos montes veciñais en man común.
- ✓ Considerar á veciñanza como único requisito para ser titular destas terras comunitaria.
- ✓ Impedir todo tipo de expropiación dos montes veciñais.
- ✓ Considerar como aproveitamentos e usos dos montes veciñais

todos os que se den nos mesmos.

- ✓ Capacidade de decisión da veciñanza comuneira para pór en valor as súas terras comunitarias.
- ✓ Declaración como nulos de pleno dereito de todos os actos de ocupación e usurpación así como das súas posteriores transmisións, que se fixeran de xeito ilegal.
- ✓ Declaración dos montes veciñais en común como figuras de protección ambiental e cultural en si mesmos.

LUMES ▶ O goberno galego non foi capaz ou non quixo activar todos os medios, previstos no PLADIGA, para facer fronte aos incendios máis catastróficos

Solicitamos que se cubran todos os custos ocasionados polo lume na Galiza


Esiximos á Xunta que cubra os todos custos e todas as perdas que se puideran ocasionar por mor dos incendios

Ante a terríbel vaga de lume do mes de xullo, con irreparábeis danos sobre o medio e os fogares, no Sindicato Labrego esiximos dende o primeiro momento á Xunta de Galicia a cobertura total do 100% dos custos ocasionados sobre as vivendas, instalacións agrarias e auxiliares, a perda de animais e de colleitas, e todas as perdas que se puideran ocasionar por mor dos incendios.

Tal como especifica a propia Xunta no seu sitio web, "a Lei 3/2007, no seu artigo 5 punto 2, establece que as competencias da Xunta de Galicia en materia de incendios forestais serán exercidas polo Consello da Xunta e pola consellería competente en materia forestal. E segundo o artigo 6, puntos 1b) e 2, correspóndelle á Xunta de Galicia elaborar o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e á consellería competente en materia forestal exercer estas competencias."

PLADIGA

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) recolle como principais funcións básicas prever a estrutura organizativa e os procedementos para a prevención, detección, extinción e investigación de incendios forestais segundo as épocas de perigo; establecer con carácter xeral as épocas de perigo; reducir ao máximo posible as consecuencias ecolóxicas,



O pasado 21 de xullo reivindicamos diante da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela, unha nova política forestal, medios e condicións dignas de traballo nos servizos de extinción. Na imaxe de arriba á esquerda, Diego Sánchez Agra, coordinador das áreas de Montes e Apicultura do Sindicato Labrego Galego.

económicas e sociais producidas polos incendios forestais; entre outras.

Ademais, contempla a activación dos medios propios da Consellería do Medio Rural; de entidades públicas e privadas; os propios da Administración Local; as brigadas de prevención e extinción; os vehículos motobomba conveniados; os parques de bombeiros comarcais e municipais; os medios contemplados no Plan Contra Incendios Forestais Estatal do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para o apoio as comunidades autónomas (CCAA) e os apoios puntuais de medios das CCAA fronteirizas coas que existe convenio ou acordo. No grao 3 desta vaga poderíase ter solicitado unha petición de axuda á Unión Europea.

Malia a anunciada vaga de calor en xullo, o Goberno galego non contratou todos os medios que precisa para actuar fronte estas catástrofes. Cada unha das hectáreas, fogares e granxas queimadas son responsabilidade da Xunta. Dende o SLG esiximos que asumas as consecuencias habilitando o presuposto necesario.

Os cambios precisos

Nos Consellos Agrario e Forestal, propuxemos debater os cambios precisos no modelo de prevención de incendios para actuar con máis eficacia e, no seu caso, os medios e recursos imprescindíbeis para poñer fin ás vagas de lume que cada verán chegan aos nosos montes, ás nosas colleitas, aos nosos animais, e que previsiblemente coa crise climática pode que haxa anos que se siga a incrementar o risco.

VAGA DE LUMES ▶ A Fiscalía anunciou este mes de outubro o inicio de dilixencias en base á denuncia presentada polas entidades que integramos a plataforma “Por un Monte Galego con Futuro”

A Fiscalía investiga á Xunta pola vaga de lumes deste verán

Denunciamos o desleixo da Xunta ante os lumes que produciron graves efectos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galiza

A Fiscalía anunciou o pasado mes de outubro o inicio de dilixencias en base a unha denuncia presentada polos colectivos que integran a plataforma “Por un Monte Galego con Futuro”, da que forma parte o Sindicato Labrego Galego. Nesta denuncia, sinalamos á Xunta de Galicia como responsábel por inacción do alcance do desastre ambiental causado pola vaga de lumes, informando que incoará dilixencias coa fin de determinar a posíbel comisión dun delito contra o medio ambiente dos artigos 325 e 326 do Código Penal, relativo á protección da flora.

A denuncia presentada

Na denuncia presentada salientamos o desleixo do goberno da Xunta de Galiza ante a vaga de lumes que nos meses de xullo e agosto produciron graves efectos nos montes e ecosistemas de máis valor de Galiza. Sinalamos expresamente á Consellaría de Medio Rural pola súa inacción perante uns incendios que arrasaron ecosistemas de gran valor como o Parque Natural do Invernadoiro e Macizo Central ourensán, Serra do Courel, bisbarra de Valdeorras, Val de Monterrei, Montes da Cañiza, Montes da bisbarra do Ribeiro ou o Arenteiro, entre outros. E apuntamos que o dano producido polos incendios forestais agravouse debido a que a maioría dos traballos de prevención de incendios previstos para o ano 2022 estaban sen facer.



Chandrexa de Queixa (Ourense) ardendo, nun dos moitos lumes que houbo este verán na Galiza. A imaxe é de Manuel García.

Chamamos a atención sobre a dramática situación vivida en aldeas e poboacións, con varias casas calcinadas por uns incendios forestais incontrolados pola falla de medios, nomeadamente entre o 14 e o 27 de xullo, e recalamos que o operativo para extinguir os tráxicos incendios estivo desbordado dende o principio pola falla de medios técnicos, materiais e humanos. Tamén denunciamos que o alcance e repercusión dos incendios forestais tería sido moito menor de activarse todo o operativo de “Tempada de Máximo

Risco de Incendios”, tal e como establecía o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA) deste ano actual 2022, adoptándose ademais as medidas complementarias establecidas nos protocolos de Protección Civil tanto da comunidade autónoma como do Estado español.

No escrito dirixido á Fiscalía polas organizacións que integramos a plataforma “Por un monte galego con futuro” incidimos, asemade, no feito de que os indicadores diarios de incen-

dios forestais permitían vaticinar que, en caso de focos iniciais de incendio forestal, estes podían converterse con facilidade en Grandes Incendios Forestais, como así lamentablemente pasou a partires do pasado 14 de xullo. Nesas datas, producidos os primeiros focos iniciais, non se actuou nin en tempo nin en forma cos medios suficientes coa fin de intentar controlar a súa expansión e minimizar os efectos dos lumes tanto nos ecosistemas como os danos económicos e sociais que se podían producir.

FESTIVALEO ▶ Os días 23 e 24 de setembro celebrouse o Festival Eo da Alimentación Sustentábel cunha feira de alimentación agroecolóxica, artesanía local e difusión de proxectos asociativos do territorio

Festival Eo da Alimentación Sustentábel

Na construción dun modelo de alimentación local san para as persoas, sustentábel para o territorio e digno para as produtoras

O 23 e 24 de setembro celebrouse en Ribadeo o Festival Eo da Alimentación Sustentábel. Alén do mercado agroecolóxico, artesanía local e da difusión de proxectos asociativos do territorio, desenvolvéronse actividades lúdicas para crianzas, actuacións musicais e dúas mesas de debate, un obradoiro arredor do concepto de agroecoloxía e unha interesante palestra de Sistemas Alimentarios Territorializados na que participou a nosa secretaria xeral, Isabel Vilalba, xunto con expertas en economía, políticas agrarias e crise enerxética.

Agricultura rexenerativa

A actividade segue tralo verán, e coa organización do SLG no marco do proxecto vimos de desenvolver un curso de agricultura rexenerativa en Ribadeo con máis de vinte asistentes e a viaxe para recoller o pasado 6 de outubro o agasallo a este proxecto da Rede de Municipios pola Agroecoloxía en recoñecemento “ao esforzo en xerar plans e accións interterritoriais, traspasando os límites administrativos das comunidades autónomas ó centrar a súa estratexia alimentaria a carón do río Eo”.

Un recoñecemento que non sinala a fin do proxecto senón que lle dá un pulo máis á súa continuidade, tras terse confirmada tamén a renovación do financiamento do proxecto pola Fundación Carasso para o vindeiro ano cunha ambiciosa meta: implementar a estratexia desenvolvida artellando o abastecemento local e agroecolóxico dos comedores públicos da comarca.



Á dereita, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, participando na palestra Sistemas Alimentarios Territorializados, xunto con expertas en economía, políticas agrarias e crise enerxética. Abaixo, unha mostra dos postos que estiveron no Festival Eo.



Mónica Amado e Iván Rodríguez Lombardero, integrantes do Sindicato labrego, participaron no obradoiro de agroecoloxía.

CRISE ENERXÉTICA ▶ Antonio Turiel é un dos máis recoñecidos expertos e divulgadores acerca da Transición Enerxética no Estado español. O seu blog *The Oil Crash* (<https://crashoil.blogspot.com/>) converteuse nunha das principais referencias sobre o asunto, con millóns de visitas cada ano aos seus artigos, e co seu libro *Petrocalipsis: crisis energética global y cómo (no) la vamos a solucionar*, publicado en 2020 e un auténtico *best-seller*. De ascendencia ourensá e leonesa, reside en Catalunya onde está en estreito contacto co mundo rural e *pagès*. Quixemos coñecer a súa avaliación sobre os efectos da crise enerxética sobre a agricultura e gandería e que camiños ve para a supervivencia do sector.

Entrevista con Antonio Turiel, científico do CSIC e autor de "Petrocalipsis"

Por Manuel Casal Lodeiro
Instituto Resiliencia

✓ **Encarecemento desorbitado de combustibles, pensos, plásticos e todo tipo de insumos de tipo industrial... Caos e desabastecemento na cadea de subministracións... Esta situación é conxuntural e debida á invasión de Ucraína, ou hai algo máis de fondo?**

Xa a finais do ano pasado viamos unha forte suba no prezo do gas, dos combustibles, da electricidade... Unha suba asociada ao declive constante da produción de combustibles fósiles, a mesma que levo 20 anos a analizar e 12 a divulgar a través do meu blog, de artigos e conferencias. Non foi nada inesperado, senón, ao contrario, algo que acabou acontecendo máis ou menos nas datas nas que estaba previsto. A extracción de petróleo cae, tamén a de carbón, tamén a de uranio... e a de gas comeza a dar signos de non poder aumentar máis. En medio dun contexto que xa era complicado e que se estaba a agravar, a guerra en Ucraína deunos un apuxón cara ao futuro dun par de anos. É dicir, a guerra por suposto que empeorou as cousas, mais levounos a unha situación á que teríamos chegado igualmente en non demasiado tempo.

✓ **E non é algo que nos afecte só en Europa, en España ou en Galiza. Ti levas tempo seguindo as afectacións enerxéticas a moi diversos sectores (industriais, agrícolas, de transporte...) por todo o mundo e soes facer resumos periódicos da situación no teu blog. Isto é unha crise enerxética ou é máis ben un *colapso enerxético* (porque as *crises* suponse que son algo pasaxeiro) en toda regra, que se está desenvolvendo a nivel mundial e no que, por diversas causas, uns países e uns sectores se ven afectados primeiro e caen antes ca outros? Podes darnos conta dalgúns dos efectos máis graves que estean a acontecer noutros países, especialmente no que atinxa máis directamente ao mundo rural e agrícola?**

O que se está a producir é máis un colapso enerxético ca unha crise, porque efectivamente non é algo pasaxeiro. É peor aínda: non hai ningunha forma de substituírmolos as fontes de enerxía e mantelo todo igual. Fai falla unha mudanza realmente profunda da nosa sociedade, comezando por unha reforma radical do mundo financeiro e rematando polos modos de consumo. Nestes momento o máis crítico é a escaseza de diésel e a de gas natural, que se queres comentamos con máis detalle despois. Estes dous procesos de escaseza nos están a levar, por unha banda, a un encarecemento sistemático do transporte e dos procesos extractivos (no caso do diésel) e a un encarecemento e escaseza de fertilizantes nitroxenados (no caso do gas natural). Ambos os dous, diésel e fertilizantes, repercuten dunha maneira extremadamente negativa sobre a actividade agropecuaria, levando en España a prezos disparados que dificultan ou non fan rendibles algunhas explotacións, mais noutros países o problema é meirande, porque non é só encarecemento, é directamente escaseza: está a faltar tanto diésel coma fertilizantes. Isto lévanos da cabeza a unha crise alimentaria mundial. Engádase a iso que este ano a terceira *Niña* seguida nos últimos anos [a fase fría do fenómeno climático coñecido como *El Niño*], caracterizouse por unha seca

sistemática nas zonas agrícolas máis produtivas do planeta, e é por iso que estamos a falar de catástrofe humanitaria mundial. No caso de España, imos ver que o prezo dos alimentos básicos se multiplica por 2 ou por 3 neste mesmo ano; e no mundo, imos ver revoltas e guerras xeneralizadas. A situación é tremendamente preocupante.

✓ **Se cadra un dos efectos máis graves e do que menos se fala é da carencia de fertilizantes sintéticos, que son elaborados industrialmente utilizando combustibles fósiles, concretamente gas natural, tamén chamado *gas fósil*. Isto, que comezou bastantes meses antes da invasión rusa de Ucraína, afecta de cheo á liña de flotación do modelo agroindustrial, non si? Explícanos un pouco a orixe deste problema, como está a afectar a produción de fertilizantes e se estamos abocados, como advirte a FAO e o Banco Mundial, a unha gravísima crise alimentaria mundial en cuestión de meses, que vai afectar case á metade da poboación do planeta!** (<https://www.bbc.com/news/business-61171529>)

A mediados do ano pasado o gas natural comezou a escasear en todo o mundo. Países coma Paquistán comezaron a ter problemas para recibir subministración, mentres que en Europa o prezo chegou a se multiplicar por 6. Isto é consecuencia do consumo crecente do gas natural a medida que imos sendo incapaces de acrecentar a extracción de petróleo, debido a que se usa máis gas ca nunca nas refinarias para tentar sacarlles un pouco máis de combustible aos petróleos de mala calidade que están a chegar actualmente cada vez en maior cantidade. O gas natural emprégase para moitos usos químicos, e en particular o proceso coñecido coma "reforma do metano" para producir hidróxeno barato que despois se combina co nitróxeno do aire mediante o proceso de Haber-Bosch para xerar amoníaco e, a partir del, nitrato de amonio, que é o principal fertilizante nitroxenado que se usa no mundo (o N dos fertilizantes NPK).

O prezo crecente e a falta de dispoñibilidade de gas, consumido en crecente medida pola decadente industria do petróleo, levou a finais do ano pasado á limitación das exportacións de fertilizantes de grandes produtores coma China, e ao peche de plantas en toda Europa, incluíndo as que Fertiberia ten en Puertollano e Palos de la Frontera. Estes peches duraron varios meses e cando se reabiron as plantas foi -nunca mellor dito- a medio gas, con prezos pactados cos clientes nun nivel moito máis alto e, en xeral, cunha produción de moita menor calidade. Este problema, combinado coa crise do diésel, levou a que o índice de prezos dos alimentos da FAO se disparase ata valores nunca antes vistos -en termos nominais e tamén descontando a inflación- xa en outubro de 2021, que foi cando a FAO dera a alerta de que nos dirixiamos cara a unha crise alimentaria global. A falla de acción dos países nos primeiros compases desta crise, seguida polo actual pánico proteccionista (moitos países prohibiron a exportación dalgúns alimentos: o trigo nos casos de Rusia, Belarús, Casaquistán e India; o aceite de soia en Indonesia; o polo en Malaisia; o arroz en China), fixo que o Banco Mundial avisase en marzo deste ano de que non iamos cara a unha crise alimentaria global, senón a unha *catástrofe humanitaria global* a finais de ano. **SEGUE ▶**

Na súa recente reavaliación da situación, feita en xuño, o Banco Mundial estima que a situación catastrófica ha afectar polo menos ao 40% da poboación mundial e que se vai estender até 2023 como mínimo, e se cadra até 2024.

✓ **E a carencia de diésel é outro cravo no cadaleito do modelo de produción de alimentos baseado nos combustibles fósiles. Esa carencia pode solucionarse dalgún xeito ou deberíamos ir pensando en producir alimentos con moito menor uso de tractores e outra maquinaria movida por diésel? Hai que aprender do Período Especial cubano e ir sacando de novo os bois e as bestas aos campos, como xa comezou a facer algunha xente?**

(<https://www.15-15-15.org/webzine/2021/09/13/alimentarnos-sin-petroleo/>)

A crise do diésel vén orixinada pola chegada ao máximo da extracción de petróleo cru convencional, o *Peak Crude Oil...* en 2005! Isto quere dicir que hai xa 17 anos que a extracción de petróleo cru convencional non sobe máis! Ao principio permaneceu practicamente estancada, mais desde hai uns anos está a baixar e agora a caída é cada vez máis acelerada. Para compensar a falla de petróleo cru convencional -que é o máis versátil e barato de procesar- introducíronse os petróleos non convencionais: biocombustibles, petróleos extrapesados de Venezuela e Canadá, petróleo de *fracking* en EUA e Arxentina, etc. Todos estes son moito máis caros ou directamente ruinosos, e cunha capacidade de produción limitada.

En 2014 as compañías petroleiras comprenderon que non pagaban a pena porque para gañar diñeiro [con eles] se tería que vender o petróleo a prezos imposibles, por riba dos 180 \$ (dos de entón) por barril, así que dunha maneira discreta, para non alamar e evitar que os seus activos se depreciasen en bolsa, foron desinvestindo do negocio petroleiro: na actualidade, o conxunto das petroleiras inviste un 60% menos ca en 2014 na procura e posta en explotación de novos xacementos, o que en moitos casos, tendo en conta a inflación e tamén que os xacementos son agora máis complexos e custosos, moitas compañías coma por exemplo Repsol só invisten en manter os campos actuais en funcionamento mais non buscan nin un só xacemento máis.

Dese xeito, en 2018 chegouse ao máximo de produción de todos os *líquidos do petróleo* (terminoloxía que engloba os convencionais mais os non convencionais) e actualmente xa caemos un 5% respecto aos valores de entón. O problema é que o diésel cae máis axiña, precisamente porque os non convencionais son máis complicados de procesar, malia representaren cada vez unha porcentaxe maior do petróleo total producido, e tamén porque non se investiu abondo en adaptar as refinarías para os poder procesar. Isto ten a súa lóxica porque as petroleiras saben que ao negocio non lle quedan máis ca uns poucos anos e non queren meter cartos en investimentos que saben que non van dar recuperado. Así que a produción de diésel se estancou en 2015 e está a caer desde 2018, e xa caeu polo menos un 15%.

Este problema do diésel non ten ningunha solución e a sociedade no seu conxunto debe comezar a comprender que vai ter que usar menos diésel. Pero cando falamos de diésel, estamos a falar de maquinaria pesada en xeral, e de tractores e colleitadoras en particular. Iso non quere dicir que o campo se teña que desmecanizar completamente, mais si que se vai ter que reducir e optimizar significativamente a súa mecanización. O campo ten capacidade de destinar unha parte da súa produción a xerar biocombustibles que alimenten a propia maquinaria agrícola, mais esta debe estar realmente optimizada para non consumir unha cantidade excesiva das colleitas. Nalgúns casos, un certo retorno ao uso de animais como complemento pode resultar conveniente por múltiples motivos, aínda que eu non creo que sexa a parte principal da forza de traballo do futuro, se as cousas

se fan correctamente.

✓ **Aínda que o emprego de tiro/tracción animal das leiras máis pequenas é unha opción sustentable, polifuncional e moi eficiente enerxeticamente, imaxino que para extensións maiores sería aconsellable pasar por solucións intermedias. Fálanos un pouco máis da posibilidade de alimentar os tractores con aceite vexetal reciclado ou producido nas propias explotacións. A priori semella unha alternativa de baixo custo e relativamente doada de poñer en práctica e de impulsar desde a administración.**

Diversos estudos apuntan a que se podería manter unha mecanización para as explotacións máis grandes destinando o 25% da colleita para a produción de biocombustibles que alimentarían a maquinaria agrícola, porcentaxe que se pode rebaixar lixeiramente se ademais usamos aceite reciclado despois do seu uso en hostalaría e nos fogares, por exemplo. Esa porcentaxe xa é bastante elevada, e aínda por riba non resolve o problema da distribución de alimentos, que, para ser viable, debe ser o máis local posible. Porque, se non, teríamos que destinar unha parte aínda maior dos cultivos a producir diésel para manter unha distribución a grandes distancias, e iso entra en conflito coa seguridade e soberanías alimentarias. Así que si, é unha opción posible, mais que precisa un bo estudo caso por caso. Lamentablemente, ningunha administración está agora mesmo nun pensamento compatible con facer este tipo de cousas que son, porén, tan necesarias.

✓ **Efectivamente, eu coido que hai que estar previstos contra unha excesiva aposta pola produción de agrocombustibles, sobre todo se é dirixida a alimentar usos non prioritarios, ou se compite co uso da terra para alimentación humana. Isto non é en realidade a mesma falsa solución cá actual aposta do Estado por instalar polígonos eólicos a esgalla nos nosos montes e costas, ou os proxectos de biomasa forestal para usos que deberían ser sempre secundarios á produción de alimentos e á preservación dos ecosistemas?**

A produción dos chamados agrocombustibles ou biocombustibles ten que estar limitada a moi poucos usos que sexan verdadeiramente estratéxicos -basicamente maquinaria agrícola e pouco máis- porque do contrario poderíamos volver aos procesos de deforestación que se viviron en Europa ao final da Idade Media e ao principio da Moderna. Por último, a instalación en masa de polígonos de sistemas de Renovable Eléctrica Industrial (REI) é unha solución completamente falsa, que só se explica pola ansia de captar subvencións públicas, porque a electricidade representa pouco máis có 20% da enerxía final que consumimos, en España de maneira consistente desde 2008, e non precisamente polas melloras en eficiencia, senón polo progresivo empobrecemento da sociedade española froito da crecente disfuncionalidade do sistema económico.

Non hai maneira técnica de aproveitar a gran escala a electricidade nos usos actualmente non eléctricos, por máis que se estea a vender a quimera dos coches eléctricos (imposibles de producir á escala masiva dos coches térmicos, por diversas limitacións, entre elas as de minerais escasos) ou do hidróxeno *verde* (vector enerxético completamente ineficiente e moi problemático, que tal como recoñece o IPCC ou a Estratexia Europea do Hidróxeno da propia Comisión Europea, nin tan sequera está en condicións de cubrir o noso consumo enerxético actual). Engádase a isto o feito de que é completamente necesario preservar os ecosistemas para loitar contra este Cambio Climático que, como estamos vendo estes días [de xullo de 2022], é tan profundo e cada vez máis perigoso. Temos que deixar de pensar en falsas solucións e abrir o debate na dirección correcta, que son as mudanzas nos padróns de consumo. **SEGUE ►**

✓ ...Porque as mal chamadas *renovables*, malia ser necesarias, non son realmente unha *solución* para o verdadeiro problema de fondo, non si? A historia da industrialización afíxonos demasiado a pensar que todo problema ten que ter unha solución, e que ademais ten que ser canto máis tecnolóxica mellor?

A visión de que todo problema ten solución e de que o proceso é inevitable constitúe unha anomalía histórica que comeza xa coa Ilustración [s. XVIII]. Sempre hai que procurar solucións, mais cómpre termos a humildade de aceptar que non sempre as hai e que, en todo caso, debemos ser prudentes. De feito, o Principio de Precaución é un principio reitor na lexislación europea. A realidade das cousas amosa que cada tecnoloxía comporta *consecuencias imprevistas*, e que esas consecuencias ás veces son tan onerosas que á *mellora tecnolóxica* lle chega un momento no que non paga a pena: é o Principio dos Retornos Decrecentes na tecnoloxía. Por desgraza, en moitos campos da tecnoloxía xa estamos nesa fase de retornos decrecentes e é preciso entender que *máis tecnoloxía* é ás veces contraproducente e que o lóxico non é procurar aínda máis, senón o punto óptimo de tecnoloxía.

✓ Por volver ao asunto da produción de alimentos... todo o que está a pasar parece apuxar cara á necesidade de acelerar a transición do conxunto do sector ao modelo agroecolóxico, pero tamén ao modelo de consumo de alimentos de tempada e de proximidade. Porque o *gasoil* non só fai falla para mover a maquinaria nas leiras, senón para mover os camións que recollen o leite, que traen os pensos, que levan o produto ás cadeas de supermercados ou ao consumidor final. É dicir, non só temos que producir en ecolóxico, senón tamén *consumir en ecolóxico*, por así dicilo, consumindo o que se produza máis preto, en cada comarca, a partir de redes curtas de distribución, o que se adoita chamar *produtos de quilómetro cero*. Isto parece que aínda non se percibe claramente porque moitas produtoras ecolóxicas de carne, froita ou hortalizas ecolóxicas seguen a depender demasiado duns combustibles baratos e abondosos para levar o seu produto até as persoas que o consumen.

A agricultura ecolóxica é agora mesmo unha necesidade imperiosa: téñense que recuperar prácticas de cultivo compatibles cun menor uso de enerxía, unha menor inxección de enerxía nos campos. Como ti mesmo explicabas no teu libro *Nosotros, los detritívoros* (<http://www.detritivoros.com>), e como teñen estudado diversos pesquisedores (<https://www.permaculturenews.org/2009/02/12/eating-fossil-fuels/>), consumimos unha gran cantidade de enerxía en forma de combustibles fósiles na nosa alimentación: entre 10 e 24 calorías de combustibles fósiles por caloría de alimento [producido pola agroindustria]. E a isto habería aínda que engadir os custos enerxéticos do transporte e da distribución. Así que hai que volver ao ecolóxico, o de tempada e o local: non queda outra!

✓ Vaíamos agora coa resposta (ou falta dela) dos gobernos diante deste panorama. Pensas que é un camiño axeitado o de subsidiar ou bonificar os prezos dos combustibles ou da electricidade? Porque se isto só vai empeorar de aquí en diante, parece lóxico pensar que simplemente axudarlles a pagar unha enerxía que vai ser cada vez máis cara e máis escasa non pode solucionar nada a longo prazo e que só vai baleirar o Estado de fondos e engordar as contas das empresas enerxéticas. Non deberían tomarse medidas estruturais, de cambio radical de modelo, en lugar de meramente de compensación económica de custos que fai que a xente sega a consumir os mesmos insumos, na mesma ou maior cantidade (porque se lles abaratan artificialmente) e instalada nun modelo de produción alimentaria que xa deixou de ser viable? Porque o problema non son en re-

alidade os prezos, senón o declive irreversible dos combustibles fósiles que sosteñen o modelo.

Desde logo subsidiar o consumo dalgo que a cada paso vai ser máis escaso ou difícil de manter parece unha mala estratexia. Está claro que son parches que se adoptan na esperanza de que os problemas sexan coxunturais, e que polo tanto reflicten a falla de comprensión de os problemas seren estruturais, aparte de que esas medidas supoñen unha subvención encuberta dos gastos duns poucos cos cartos de todos. As verdadeiras solucións pasan polo fomento da produción e o consumo locais, a maior eficiencia no uso dos recursos enerxéticos e non enerxéticos, e o decrecemento do consumo non esencial.

✓ Que consellos prácticos lles darías ti a pescadores, gandeiras, labregos galegos que están a sufrir as consecuencias deste colapso enerxético? Como podemos axudar desde a ciencia, desde o activismo ecosocial, desde o sindicalismo labrego, para que se comecen a dar pasos urxentes na transformación rápida do sistema cara a outro máis resiliente, sen esperar a que desde arriba as institucións europeas, españolas ou galegas recoñezan as verdadeiras dimensións do problema e tomen cartas no asunto de verdade?

A situación dos pescadores é a máis complexa. Precisamos unha análise realista de qué parte da actividade se podería manter cun consumo de enerxía razoable, seguramente fornecida con agrocombustibles. Hai que facer un plan de descenso gradual, usando a actual abundancia fósil para priorizar actividades do sector primario, mentres nos imos adaptando progresivamente ao que vén. No caso da gandeiría os modelos de explotación integrada son parte do futuro necesario, e nese sentido a transición á resiliencia sería máis simple. Por último, en canto á agricultura, é fundamental saír dos grandes circuitos de distribución que fixan uns prezos excesivamente baixos cos que apuntalar o sistema tecnoindustrial. A cidadanía terá que comprender que vai ter que pagar máis polos seus alimentos, hai que facer pedagogía nese sentido, para que así se poidan cubrir os custos reais e permitir non só unha vida digna á xente que traballa no sector primario, senón que esa actividade sexa viable a longo prazo, é dicir, que sexa *resiliente*. Por desgraza desde as administracións só cabe esperar unha actitude parcheadora, que segan a considerar os problemas como coxunturais, e sen abordaren as mudanzas sistémicas requiridas, así que a mellor solución pasa pola autoorganización, o consumo local en forma de cooperativas de consumo, etc. Nese sentido aconsello seguir o traballo de Marta Rivera, científica do CSIC, autora do IPCC e especialista en todas estas cuestións.

(<https://www.ingenio.upv.es/es/personas/marta-guadalupe-rivera-ferre>)

✓ E non podemos rematar a nosa conversa contigo sen tocar o problema do caos climático. Levamos anos a ver cómo está poñendo en perigo numerosas colleitas por todo o mundo, mesmo hai quen di que acabada a estabilidade climática do Holoceno, que foi a que fixo posible que a nosa especie desenvolvese a agricultura, tamén ten os seus días contados a agricultura (<https://www.15-15-15.org/webzine/2020/02/20/nuestro-futuro-cazador-recolector-cambio-climatico-agricultura-y-descivilizacion/>). Como pensas que podemos facer máis resiliente ante un clima cada vez máis caótico a produción de alimentos en lugares coma Galiza?

Tense que facer un estudo en profundidade de qué especies vexetais, tanto árbores, arbustos e adventicias, se adaptan mellor e poden formar un ecosistema san e resiliente. E isto non se fai da noite para a mañá, e require moito ensaio e erro. Existen diversidade de achegas, desde as explotacións integradas até os bosques alimenticios, pasando polas achegas permaculturais. Precísase moito traballo que debería comezar a se facer xa.

V FESTIVAL SON LABREG@ ▶ O Concello de Santiso e a Banda-Escola de Música de Visantoña colaboraron co Sindicato Labrego Galego nesta quinta edición

O V Festival Son Labreg@ celebrouse en Visantoña e xirou arredor da crise enerxética

Palestras, mercado, postos artesanais, xantar e xogos para crianzas o 17 de setembro no campo da festa de Visantoña

Visantoña (Santiso) acolleu a V edición do Festival Son Labreg@, "Colapsa agora para evitar aglomeracións", organizado polo Sindicato Labrego Galego, en colaboración co Concello de Santiso e a Banda-Escola de Música de Visantoña, nunha xornada festiva que se celebrou o sábado 17 de setembro.

A partir das 11:30h, gozamos dunha morea de actividades (dende palestras, mercado, música e xantar) até a noite, co peche da edición a cargo dos concertos das agrupacións Odaiko, Cuarta Xusta e DJ Misa dende as 21:30h até o final do festival. Alén da presentación de proxectos relacionados coa So-



A palestra titulada "Decrecemento e colapso", protagonizada por Carlos Taibo, inaugurou a V edición do Festival Son Labreg@.

beranía Alimentaria, coa Agroecoloxía, co Feminismo, coa Educación Ambiental e de todas aquelas iniciativas que sumen forzas a prol dun mundo máis xusto e ecolóxico, este ano, a temática principal festival xirou arredor da crise enerxética. Nese senso, o escritor Carlos

Taibo, unha das primeiras persoas que teorizou sobre a problemática, abriu o festival coa palestra titulada "Decrecemento e colapso", onde se debateu sobre decrecentismo, consumo e colapso (11:30h). Ao mediodía, a Banda de Música de Visantoña encargouse de

poñer son durante a sesión vermú (13:30h).

Tamén houbo mercado, xantar agroecolóxico e desfrutamos dos postos artesanais de Amarelante Soc. Coop. Galega; Mel de meigas; Sanaartesana/mapato, percusión africana e Alouette machine. Imprenta itinerante.



As Cuarta Xusta (á esquerda) e o grupo de percusión Odaiko (á dereita) encargáronse de que danzamos coa súa música reivindicativa no campo da festa de Visantoña.

Supervivencia en tempos de crise enerxética e algúns espazos agroecolóxicos da comarca

Xa de tarde, ás 17:00h, programouse a palestra "Supervivencia en tempos de crise enerxética", na que interviñeron Iván Rodríguez (Sindicato Labrego Galego), Manuel Casdeiro (Véspera de nada) e o labrego David Outeiro.

Posteriormente, ás 19:00h, puidemos coñecer os espazos agroecolóxicos da comarca con Manuel Ramos Garea (leite eco), Conchi Castro (horta ecolóxica Esencia da Terra), Xesús Pereira (Queixería Verbas), Xosé García (Rede de consumo O Careón) e M^a José Salgado (ANPA a Xuntanza, CEIP Arce-diago).

Ademais, nesta V edición do Son Labreg@, contamos con actividades para crianzas e xogos tradicionais (ás 11:30h e ás 17:00h) da man da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional e de Uxía e María Amigo. Como todos os anos, o Sindicato Labrego colaborou coa Liga Nacional de Billarda e tivo lugar o IV Aberto de Billarda Son Labreg@, que organizaron LNB e C.C.D O Varal (ás 17:30h).

O Festival Son Labreg@

O Festival Son Labreg@ é un evento itinerante, organizado pola Mocidade Labrega do Sindicato Labrego Galego, que xa se ten celebrado noutros escenarios rurais como Lousada (Sarria), Garabelos (Chantada) ou Montecubeiro (Castroverde).

Trátase dunha espazo de xuntanza, de ledicia combativa, de análise, de festa, que este ano celebramos no campo da festa de Visantoña (Santiso), coa colaboración do Concello de Santiso e da Banda-Escola de Música de Visantoña. Agar damos pola vindeira edición con ledicia!



Arriba, Isabel Vilalba (Secretaria Xeral do SLG), Manuel Casdeiro (Véspera de nada), Iván Rodríguez (SLG) e o labrego David Outeiro durante a palestra "Supervivencia en tempos de crise enerxética". Abaixo, Manuel Ramos (leite eco), Conchi Castro (Esencia da Terra), Xesús Pereira (Queixería Verbas), Xosé García (Rede de consumo O Careón) e Ajo Salgado (ANPA A Xuntanza, comedor escolar ecolóxico), voces a través das que coñecemos os espazos agroecolóxicos da comarca o 17 de setembro. Mercedes Conde, afiliada do Sindicato Labrego Galego na comarca, moderou a palestra.



Tamén contamos con actividades para crianzas e co IV ABERTO de Billarda Son Labreg@, que organizou LNB e CCD O Varal.

SUREXPORT ▶ Unha asemblea celebrada en agosto confirmou que a Directiva da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Loentia e a empresa Surexport non queren dar información ás comuneiras

Falla de transparencia nas manobras da agroindustria SUREXPORT para facerse con terras das CMVMC

A área que pretende acaparar SUREXPORT é empregada arestora para pastos por nove granxas familiares

O pasado sábado 27 de agosto celebrouse no Local Social de Loentia (Castro de Rei) unha asemblea convocada por membros da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Loentia, que contou coa participación da Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba.

O obxectivo desta convocatoria era tentar aclarar a suposta proposta de alugueiro do monte veciñal realizada por parte da agroindustria Surexport, unha multinacional da exportación de froitos vermellos. A primeira nova sobre esta oferta remítese ao pasado mes de maio, cando a Dirección da Comunidade de Montes levou un punto á asemblea ordinaria co que pretendía directamente proceder á votación dunha proposta de alugueiro de terras por parte de Surexport. A propia Dirección, encabezada polo seu presidente Carlos Sinde e o Secretario Jesús Regueiro, de xeito intencionado ou por falta real de información, non soubo xa daquela dar ningún dato á asemblea, situación que a día de hoxe segue a ser a mesma.

Esta incerteza, así como a negativa por parte da Directiva a dar máis información ou datos sobor desta proposta, está a xerar un grande malestar e preocupación entre a veciñanza afectada, que dende os anos 90 traballan estas terras, e en especial en varias granxas familiares que actualmente fan uso do pas-



A Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, participou na asemblea convocada pola CMVMC de Loentia, no seu Local Social.

tizal agora ameazado pola oferta da empresa Surexport.

A raíz precisamente desta preocupación convocouse esta asemblea a través do SLG, que leva tempo asesorando ás comuneiras afectadas. Na xuntanza, a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba, sinalou que “é unha anomalía en si que despois de tanto tempo con este rumor a Directiva do monte non sexa quen de dar ningún dato nin ofrecer luz sobre esta proposta”, convidando á Comunidade de Montes a actuar de

xeito democrático á hora de tomar unha decisión tan importante, que mesmo “polo visto noutros contratos pode comprometer o futuro da CMVC polos próximos 30 anos”.

Así mesmo, Vilalba, salientou que “unha empresa que de verdade quere crear emprego e riqueza para as súas veciñas ou para un concello o primeiro que fai é explicar polo miúdo os pormenores dun contrato, incluído que riscos pode haber cara aos acuíferos, que consecuencias poden ter os seus manexos, así

como detallar o tipo de modelo de produción que se quere facer e onde”. A pesar de haber representantes de Surexport na asemblea, estes unha vez máis negáronse a dar calquera tipo de información, nunha mostra máis de falta de democracia por parte da directiva do CMVC e da propia empresa, incidindo inda máis no grande malestar da veciñanza. O 3 de novembro celebrouse outra asemblea cun resultado, de novo, dividido, mostra de que este modelo destrúe as comunidades.

Acaparamento de terras agroindustrial

Como vimos alertando neste último ano 2022, a agroindustria de froitos vermellos, e nomeadamente a multinacional andaluza chamada SUREXPORT, está en plena estratexia de expansión tentando acaparar máis extensións de terra no noso país -xa conta con plantacións na Terra Chá, onde os nosos recursos hídricos lle permiten aforrar en custos de produción e aumentar os seus beneficios.

O modelo agroexplotador implica xornadas laborais que se prolongan até 10 ou 12 horas,

precarización salarial, desprazamento de poboación doutros países para traballar baixo estas condicións, amoreamento de traballadoras e traballadores en pésimas situacións de habitabilidade e, a nivel ecosistémico, cuestións tan graves como o alto risco de contaminación das augas por mor das substancias químicas empregadas nestas producións industriais, a coptación da canle de mananciais públicos ou a destrución derivada da construción de grandes vías de acceso para os camiós que distribúen a mercadoría.

DEREITOS DAS MIGRANTES ▶ O Sindicato Labrego Galego estivo en Bruxelas canda colectivos sociais de toda Europa preparándose para a manifestación DEREITOS! NON MÁIS MORTES POR MIGRAR

DEREITOS! NON MÁIS MORTES POR MIGRAR

Denunciamos a violencia migratoria na UE, esiximos responsabilidades e pór fin a inhumanidade contra a poboación migrante

A finais de setembro, o Sindicato Labrego Galego (SLG-CLL) participou en Bruxelas, como parte da delegación internacional da Coordinadora Europea do movemento labrego mundial La Vía Campesina (CEVC), canda colectivos sociais de toda Europa na manifesta-



O SLG, como parte da delegación internacional CEVC, manifestándose en Bruxelas canda colectivos sociais de toda Europa.

ción DEREITOS! NON MÁIS MORTES POR MIGRAR, que procurou denunciar a violencia

migratoria na Unión Europea, ademais de esixir responsabilidades e de buscar poñer fin á

inhumanidade coa que os gobernos europeos actuais actúan contra a poboación migrante.



Na primeira foto, reunión en Bruxelas da Caravana Abrindo Fronteiras. Á dereita, unha mostra das participantes no evento con pancartas reivindicativas.

REGULARIZACIÓN ▶ Ampliado o prazo para asinar a Proposición de Lei para unha regularización extraordinaria



O día 1 de xullo, persoas asinando a campaña na praza de América, en Vigo, logo de manifestarse polos dereitos das persoas migrantes e pedir xustiza social.

Campaña REGULARIZA

Recollida de sinaturas para a regularización extraordinaria de estranxeiras no estado español

Regularización Xa é un movemento estatal de organizacións polos dereitos das persoas migrantes.

Trátase dunha rede de colectivos migrantes autoorganizadas cuxo obxectivo é lograr a regularización

das persoas para que todas poidan escribir a súa propia historia e obter, ao fin, xustiza social.

Están levando a cabo unha recollida de sinaturas para a regularización extraordinaria de persoas estranxeiras no Estado español. Poden asinar esta iniciativa todas as persoas de nacionalidade española, maiores de 18 anos. A recollida final das sinaturas presentárase no Congreso dos Deputados en decembro de 2022. A través do enlace <https://firma.esenciales.info/ilp/ILP2021152> accédese á plataforma mediante a cal se pode asinar dixitalmente.

XORNADAS ▶ Dende o mes de xullo, na Secretaría das Mulleres do SLG organizamos diversas xornadas para promover a incorporación das mulleres aos dereitos económicos do sector agrario

Xuntarse, compartir e falar, outra vez

Na Secretaría das Mulleres retomamos as xuntanzas presencias por toda Galiza logo da pausa ocasionada pola pandemia

Despois deste encerro na pandemia, dende o pasado mes de xullo na Secretaría das Mulleres votamos a organizar xuntanzas presencias polas zonas da Galiza, comprobando como as mulleres precisabamos xuntarnos de novo e partillar espazos, volver a reunírnos, outra vez. Dese xeito, organizamos as xornadas "Accións para promover a incorporación das mulleres aos dereitos económicos do sector agrario", no marco da programación CERES.

27 de xullo, Portomarín

A primeira xornada tivo lugar o día 27 de xullo, en Cabanas-Fix de Rozas, en Portomarín (Lugo). Traballamos sobre todo en dous aspectos: nas liñas de axuda e apoio nos Grupos de Desenvolvemento Rural e no coñecemento dun proxecto de innovación e diversificación da zona. No punto un, contamos coa técnica do Grupo de Desenvolvemento Rural, María Luisa Quintela Sotelo, e quedou de manifesto o grande descoñecemento das mulleres dos propios grupos de Desenvolvemento Rural e, polo tanto, das liñas de axuda. No segundo punto, contamos coa participación de Sandra Rodríguez Vázquez (Adega de Cabanas), que nos explicou como por múltiples casuísticas en dúas ocasións quedou fóra da solicitude das axudas. Tamén reparamos en que nas directivas dos Grupos de Desenvolvemento Rural a presenza das mulleres é practicamente inexistente.

"Participación políticas de las mujeres campesinas en el estado español", un estudo

Tal como se indica neste estudo, os relatorios dos Plans de Desenvolvemento Rural están redactados en masculino, con pouca presenza das problemáticas das mulleres.

En moitos deles (recordar que cada plan é da comunidade) as mulleres están citadas como clave para "fijar población en el medio rural", facendo alusión ao potencial papel de xestantes. Moitas veces a presenza das mulleres dilúese no avance do texto e non concretando medidas e, polo tanto, invisibilizando.

9 de Setembro, Xunqueira de Ambía

Na xornada de Xunqueira de Ambía (Ourense), interviñeron Ana Rodríguez (responsábel de área de desenvolvemento rural e PAC do SLG); Eva González (técnica do GDR Limia-Arnoia); e Sonia Vidal (representante do SLG na coordinadora europea Vía Campesina). Ademais, visitamos o proxecto Mimá, acompañadas por María José Castro, de produción hortícola e flor e venda directa no Mercado da Biosfera.

13 de setembro, Escola de Vilaboa na Pontenova

Esta xornada contou cunha grande participación de mulleres da zona, agradecendo moito a realización da xornada e volviendo a poñer de manifesto a necesidade de xuntarse.

Centrámonos en proxectos de ámbito forestal e púxose de manifesto como neste sector existe unha forte fenda de xénero, non recoñecendo o traballo das mulleres neste ámbito ou pensando que os labores que fan "son de ámbito menor".



Na imaxe de arriba, primeira xuntanza das xornadas, o día 27 de xullo, en Portomarín. Abaixo, en Xunqueira de Ambía, o 9 de setembro.



O 13 de setembro, na Escola de Vilaboa na Pontenova (Lugo).



Na imaxe de arriba, en Castro, o 14 de setembro, coa presenza de Isabel Vilalba. As dúas fotografías de abaixo corresponden ao peche das xornadas o pasado 21 de setembro, na Escola da Liga de Santaballa, en Vilalba.



14 de setembro, en Castro (Carballedo)

Esta xornada foi diferente ás demais, xa que nesta ocasión contamos coa participación de Inés Santé, Directora Xeral de AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) para explicarnos a Lei de Recuperación de Terras Agrarias e como debemos actuar para achegar esta Lei e as súas medidas á poboación e, concretamente, ás mulleres. Ademais, neste encontro en Castro tamén entrevistou durante a sesión a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, a gandeira Isabel Vilalba.

21 de Setembro, Escola da Liga de Santaballa, Vilalba

Rematamos a programación resaltando a importancia da información, formación e participación nos diversos espazos das mulleres. Visualizamos con casos prácticos como por diversos motivos, principalmente burocracia e tempos de execución e baremos, moitas iniciativas e proxectos non poden acceder a axudas e programas concretos. Para pechar as xornadas de mulleres, visitamos o proxecto *O muíño de Isabel*, muíño hidráulico tradicional con moenda de cereais de proximidade.



O proxecto “LABREGAS E ESPAZOS DE VENDA”

O pasado 29 de setembro, no Centro de Interpretacións dos Parques e Xardíns de Compostela, partillamos experiencias de vida arredor da realidade das praceiras e da venda en mercados, narrando o caso concreto da Praza de Abastos de Santiago de Compostela e das vivencias das súas praceiras.

En vinculación co proxecto, visualizamos a peza LABREGAS E ESPAZOS DE VENDA, mostra audiovisual realizada polo Sindicato Labrego Galego e financiada polo Concello de Santiago de Compostela. No seguinte enlace podes acceder ao vídeo: <https://bit.ly/LabregasEspazosDeVenda>



En primeiro plano, as mans de Teresa, unha das praceiras do proxecto “Labregas e espazos de venda”. Á esquerda, o pasado 29 de setembro na presentación do vídeo no Centro de Interpretacións dos Parques e Xardín, en Compostela.

Os cambios da PAC en 2023



Rolda de asembleas informativas sobre a Política Agraria Común 2023 en toda Galiza durante os meses de novembro e decembro.

Para máis información, contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego



Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de animais

As indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de animais en execución de programas e actuacións oficiais de vixilancia, loita, control e erradicación das

súas enfermidades neste ano poderán solicitarse até o **30 de novembro de 2022**. O código de procedemento destas axudas é o **MR553C**.

Prestación por violencia machista

Convócase para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero. O **prazo** para presentar solicitudes está **aberto permanentemente**. O código de proce-

demento destas prestacións é o **SI434A**, ás que podes acceder a través da sede electrónica da Xunta de Galicia. Se precisas máis información, contacta coa túa oficina do Sindicato Labrego.

TELÉFONO DE EMERXENCIA PARA CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES



Non permitas
que te maltraten.
Solicita axuda
no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Tractor Same de 120 CV en bo estado. Barreiros en funcionamento. Zona de Friol
☎982183019

Véndese

-Tanque de leite da marca Serap, de 3500 litros. Gorgullos - Tordoia
☎636705285 (Elisardo)

Véndese

-Empacadora Massey Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Can de paleiro auténtico (Víctor)
☎676 26 84 64

Véndese

-Touro puro limusín francés con carta, moi

manso (ten 5 anos). Véndese por ter moita crianza do mesmo
-Touro puro Angus (ten 4 anos)
Na zona de Lugo
☎690774565

Véndese

-Casa con finca en Sobrado dos Monxes
☎635503763

Véndese

-Alternador eléctrico de enganche a tractor de 15 kaveas
-Tanque de Refrigeración de leite de 2000 L. Lavado automático marca SERAP
-Abonadora Aguirre Tafa 400kg.
-Tanque conservación semen
-Silo penso 6000kg.

(José Antonio Calviño Olas - Mesía)
☎659 927 961

Véndese

-Xuntador de herba Kuhn de 4 metros de Xunta
-Pinza cortadora de Ternias
-Estendedor de herba Zona de Carballo (Lugo)
☎653641823

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Remolque agrícola 3x1,70. Bo estado e non ten que pasar ITV até 2025. Con rodas novas
Fotos por whatsapp
☎659 993 345 (Carlos)

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

-16 Vacas (preñadas e con becerros)
-Tractor Ford 6410, motor novo e pala nova
-Cisterna 8000l, con carga automática, con tander.
-Rotoclass 385 picadora, con rotor e malla
-Arado de 4 regos
-Rotativa con acondicionador POTINGER de 3,10 de corte.
-Batedor
-Sementador de patacas de 2 regos seminovo
-Cultivador de 9 dentes
-Pala Tenias B3
-Pesa dianteira para o tractor.
☎606 508 189 (Miguel, Lánacara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510 (José Antonio, Calde)

Véndese

-Silo de millo
-Rolos de silo
-Rolos de herba seca
-Cargador rotativo
-Segadora bcs
-Estendedor e hilerador de herba seca
-1 punto da PAC da rexión 703
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador Marangon de simple eixo.
-Tractor Ebro 160 para colección ou repostos
☎696 818 012

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 55 (Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Autocargador Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-40 rolos de herba seca
☎982 505 755
(Santa Cristina - Cospeito)

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural. Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto.
☎986 6894 86 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Pontearas)

Véndese

-Coche Peugeot 106
☎648 78 82 01 (Oza - Cesuras)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Autocargador Galagri case novo, por falta de uso.
☎606 739 438

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia. Amoblada e lista para vivir. Bo prezo
☎678 616 746
(Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado)
☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Autocargador Marangón de 13 coitelas
-Angazo xuntador Kunh
-Estendedor de silo
-Desensiladora BVL de dobre coitela
-Rolos de silo e herba seca
☎689 552 293 (Guntín)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Tractor John Deere Modelo 6330 Super Star de 105CV con suspensión dianteira e Pala cargadora frontal marca SIGMA Modelo Iron H 30.
-Autocargador con rotativa.
☎680529642
Abella - Frades (A Coruña)

Véndese

6 vacas rubias e blondie de aquitania en Oleiros Vilalba, por xubilación. Paridas, preñadas e próximas ao parto
☎629 17 03 29

Véndese

Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio). Ordes
☎680 385 068

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-Autocargador con rotativa MORRA, en bo estado
-Tanque bañeira de frío de 1.000 litros, de aceiro inoxidable e baixo consumo
-Sala de muxido con tres puntos e lavado automático
☎981 781 879 / 636 650 908

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Plastificadora
-Rotativa
-Empacadora
-Tanque de leite de 1.000 l.
-Remolque
-Batedor de xurros
-Circuíto de muxido de catro puntos
☎669 836 716

Véndese

-Rotativa 180 Morra
-Autocargador Deutz Fahr K560
☎627 936 604
(En Orso)

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00
Véndese
-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes.
☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muíño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-Vacas frisoas por peche de granxa. Boa xenética e boa produción
☎722 763 880

Véndese

-52 Rolos de silo
-20 Rolos de herba seca
-2 Silos de millo
-1 Colledora/Segadora BCS
-1 Estendedor e hileradora de herba seca
☎680 92 68 16
(Balbina)

Véndese

-Vacas pintas de leite
☎650 107 657

OUTROS

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia. (preguntar por Balbina)

Alúgase

-Instalacións con palleira e prados (15ha.)
☎606 508 189 (Miguel, Lánacara)

Alúgase

-Cuadra (Ordes - Trazo Km. 6, Numide - Tordoia)
☎680 926 816 (Pilar)

Alúgase

-4 Fincas de labradío (12ha.)
☎696 818 012 (Baixa de Trazo)

Alúgase

-Establo libre e fincas
☎981 446 501
(Cabanas)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente
☎628 829 199

Regálase

-Silo metálico especial para serraduras. Na comarca do Deza.
☎620 262 786 (Pili)



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

UN EMPREGO AGRARIO DE CALIDADE

Prever os golpes de calor

Evitar o estrés polo frío

Informar dos riscos laborais segundo tarefas

Tolerancia 0 co traballo irregular

Tolerancia 0 co acoso sexual laboral

CAMPAÑA ESTATAL DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE TRATO E NON DISCRIMINACIÓN NO ÁMBITO LABORAL DO SECTOR AGRARIO

AMPLÍA A INFORMACIÓN DA CAMPAÑA EN:
www.coag.org/unempleoagrariodecalidad

COAG
www.coag.org

MINISTERIO DE INCLUSIÓN, SEGURIDAD SOCIAL Y MIGRACIONES

SECRETARÍA DE ESTADO DE MIGRACIONES

DIRECCIÓN GENERAL DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL Y ATENCIÓN HUMANITARIA

Cofinanciado por la Unión Europea

FE DE ERRATAS ▶ Na nova publicada no anterior Fouce número 339 do SLG, correspondente aos meses Xuño-Xullo, que levou por título “Case medio milleiro de colectivos solicitan formalmente unha moratoria eólica nas Reservas da Biosfera” (páx.8), afirmamos que “na Galiza producimos moita máis enerxía da que precisamos”. Agradecemos o contacto do divulgador Manuel Casal Lodeiro, sinalando a pertinencia de matizar esta afirmación, xa que, aportou, segundo o último Balance Enerxético de Galiza publicado polo INEGA, o consumo de enerxía é de 5.447 Ktep, en tanto que a nosa produción é de 2.546 Ktep, ao tempo que apelou á necesaria concienciación sobre a nosa dependencia enerxética como país.

MORATORIA EÓLICA ▶ Campaña estatal da Alianza Enerxía e Territorio dirixida ao MITECO con destacada participación dos colectivos galegos

Case medio milleiro de colectivos solicitan formalmente unha moratoria eólica nas Reservas da Biosfera



Dos 2.227 aerogeneradores instalados en Reservas da Biosfera no Estado, 1.212 están na Galiza. Na imaxe, a Serra do Xistral vista dende o Viveiro (Muras).

Dos 1.236 macroeólicos en tramitación na actualidade no Estado, máis da metade, están proxectados na nosa terra

A Alianza Enerxía e Territorio (ALIENTE) plataforma a nivel estatal da que o Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) forma parte,

2.227 aerogeneradores instalados en Reservas da Biosfera no Estado. 1.212 están na Galiza. Dos 1.236 macroeólicos en tramitación, máis da metade, 608, tamén están proxectados na Galiza.

Dito doutro xeito, das novas 3.708,12has. que se están a acaparar para uso e abuso da mafia eólica, 1.376,72has. están na nosa terra.

Invasión eólica

Por se fora pouco, escudándose no conflito bélico na Ucraína, o Goberno de España incluíu no RDL 6/2022 a simplificación extrema das avaliacións de impacto ambiental, procurando eliminar a posibilidade de que a cidadanía presente alegacións a estes ataques contra o territorio, até o de agora o único xeito de defendérmolos da in-

vasión eólica. Este despropósito vai ser aínda máis grave co RDL11/2022, que de ser convalidado implicará facer valer a zonificación ambiental sen estudo de impacto ambiental estratéxico ningún, incluído como unha simple recomendación no plan 2021-2026 da Rede Eléctrica Española, pretendendo a convertelo en Lei sen estudos ambientais transparentes.

bregas (SLG-CCLL) forma parte, vén de rexistrar oficialmente unha carta carta dirixida ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO) solicitando unha moratoria científica para todas as Reservas da Biosfera do Estado español.

A campaña de adhesións a esta solicitude, desenvolvida ao longo destes últimos meses, acadou máis de 440 apoios en 35 Reservas da Biosfera estatais, incluídas todas as galegas. Xestores de Reservas da Biosfera, concellos, colectivos cidadáns, proxectos produtivos, organizacións agrarias, ecologistas e outros movementos asociativos de todo o Estado urxen ao MITECO a decretar unha moratoria que protexa as Reservas da Biosfera. A presión que a poboación galega está a sufrir por parte do monopolio industrial eólico acadou un grado de violencia estrutural absolutamente inasumible: dos

Unha loita para impedir que Galiza sexa “área de sacrificio”

Na Galiza producimos moita máis enerxía da que precisamos. Mentres tanto, áreas de hiperconsumo, como Madrid, non permiten a instalación de aerogeneradores. A enerxía trasládase dende Galiza, perdéndose unha importante parte da mesma polo camiño, evidenciando aínda máis o absurdo deste modelo de colonización enerxética. A nosa terra é o que se coñece como “área de sacrificio”.

A destrución do territorio, recursos naturais, contaminación de augas, perda de terras agrarias e expulsión da veciñanza ten como único obxectivo o enriquecemento superlativo do monopolio enerxético. En plena crise ecolóxica, a destrución institucional planificada das áreas consideradas de especial protección, como é o caso das Reservas da Biosfera, é unha aberración insultante. Precisamos protexer estes territorios, e mesmo estender esta protección a máis áreas, para facer fronte ao quecemento global provocado polo consumo exacerbado de recursos que se levou por diante o modelo de desenvolvemento capitalista.

Se os partidos políticos estiveran ao servizo dos dereitos e necesidades das poboacións, non sería preciso solicitar a protección dunhas áreas xa catalogadas como reservas da natureza. Mais tanto o Goberno estatal cos RDL6/2022 e RDL11/2022,

como a Xunta cas Leis de Depredación (2017 e 2021), confirman o servilismo dos grandes partidos ao monopolio enerxético, tradicional nicho económico laboral para altos cargos de ámbalos dúas formacións, como o caso da exconselleira de Medio Ambiente da Xunta, Beatriz Mato, que cambiou o seu cargo oficial por outro ao máis alto nivel na empresa Greenalia, unha das que máis proxectos ten en tramitación na Galiza.

Estudo da UNESCO

Na carta remitida ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico os colectivos asinantes recalcan que está en marcha o “Estudo sobre a viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termosolares, incluída a repotenciación, e infraestruturas asociadas en territorios declarados Reservas de la Biosfera en España”, encargado polo Comité Español do Programa MaB da UNESCO, que forma parte do soporte que dá o Organismo autónomo de Parques Nacionales (OAPN) dependente do propio MITECO.

É incongruente e preocupante que o Ministerio estea a avanzar na tramitación de máis polígonos industriais eólicos nestes territorios protexidos sen agardar polo resultado desta investigación.

No mes de setembro de 2020, a CMR fixo pública a axuda para o sector vacún de carne por mor da situación xerada durante a crise da COVID-19. As bases sinalaban como criterio para poder solicitala ter un mínimo de 10 vacas nutrices. Esta condición conlevou que só puideran beneficiarse da axuda 4.621 granxas das case 19000 que puideron tela recibido.

O Tribunal Supremo confirma a discriminación da CMR nas axudas COVID-19 do vacún de carne



Brais Álvarez, coordinador do sector vacún de carne no SLG e Samuel Formoso, responsábel do mesmo sector, en rolda de prensa o 31 de outubro en Xinzo de Limia.

A Xunta de Galicia excluíu das axudas COVID-19 a case a metade das 8000 granxas de Ternera Gallega Suprema. Esta discriminación foi denunciada por parte do Sindicato Labrego Galego xa no propio momento mesmo da súa aprobación en 2020, ao tempo que paralelamente presentamos no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) unha demanda contra esta Orde e a Consellaría do Medio Rural (CMR).

Denunciamos de xeito concreto o punto 5.4 da Orde, onde se fixaba como criterio para ser persoa beneficiaria ter máis de 10 vacas nutrices, ao entendermos dende o SLG que era claramente discriminatoria contra a maioría de granxas de vacún de carne do país, e en especial contra o modelo tradicio-

nal de produción. No pasado mes de abril o TSXG resolveu a favor da demanda do SLG recalcando o discriminatorio que é por parte da CMR incluír ese criterio, e sentenciou anular o inciso 5.4, recoñecendo o dereito de todas as persoas titulares de explotacións de vacún de menos de 10 vacas -que non sexan de autoconsumo e teñan declarados ingresos pola actividade- a ser beneficiarias das axudas reguladas na Orde impugnada.

A Consellaría do Medio Rural, non conforme con esta sentenza e visibilizando claramente a súa vontade de impedir o acceso das pequenas e medianas granxas a este financiamento público, recorreu ante o Tribunal Supremo. O pasado 19 de outubro o

Tribunal Supremo rexeitou o recurso da CMR, mantendo en firme a sentenza favorable ás esixencias do SLG.

Dende o SLG esiximos á Consellería de Medio Rural que de xeito inmediato subsane este grave agravio contra as granxas que foron excluídas desta axuda, do xeito que mellor se lle axeite á propia CMR, pero reparando o dano causado a todas estas granxas de xeito inmediato. Esta actuación por parte da CMR contra as esixencias que defende dende hai anos o SLG, demostra que a consellaría pretende acabar coas granxas familiares e tradicionais que vertebran as zonas máis desfavorecidas do país, baixo a escusa da rendibilidade pretenden enterrar o modo de vida de moitos concellos.